MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

ANO 2020

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA TAMBRE MANDEO

GDR
ULLA TAMBRE MANDEO

Estimadas amigas e amigos,

Por segundo ano teño o pracer de dirixirme a vós, ás persoas que formades a base social do GDR, sen as cales a súa existencia e labor non sería posible, para presentarvos os resultados e as actividades levadas a cabo pola Asociación no último ano.

Un ano que, como sabedes, foi atípico e desconsolador, marcado pola situación sanitaria orixinada polo COVID19, o cal nos enfrontou a unhas circunstancias que nunca vimos ata agora.

Como non podía ser doutro xeito, a pandemia deixou sentir os seus efectos en todos os ámbitos de actividade do GDR: foi necesario flexibilizar os requisitos esixidos ós promotores de proxectos, tanto en execución como en prazos; así como reorientar, ás veces case sen marxe de manobra, as accións planificadas pola Asociación no eido da difusión e promoción territorial. Pese a todo, o GDR seguiu traballando, intentando acadar os mellores resultados dentro da status quo orixinado.

O que nos amosou o COVID19, ademais do fortes que podemos ser, é o grado de globalización que presenta o mundo no que vivimos, demostrando o moito que nos pode afectar no nosa pequena zona rural un virus chegado do outro lado do mundo.

A constatación deste feito ten que ser para a nosa economía e sociedade un revulsivo, de xeito que agora e cada vez máis se aposte polas liñas estratéxicas deseñadas polo GDR, que nos permitirán facer fronte dunha mellor maneira a crises desta índole: aumento do valor engadido dos produtos agrarios a través da diferenciación e transformación, aposta polos circuítos curtos de comercialización, mellora e profesionalización do sector turístico local así como deseño de novos produtos neste senso, aposta pola innovación e o asentamento de empresas, mellora e ampliación dos servizos no rural, etc.

Esta aposta polo Leader e polos GDRs xa se está a poñer en marcha desde a Consellería de Medio Rural, a cal acaba de dotar fondos de funcionamento para as vindeiras tres anualidades, para unha nova convocatoria de axudas no 2021-2022 e para o deseño das estratexias de desenvolvemento local que rexerán as axudas no vindeiro período de programación europeo.

A pelota, polo tanto, está no noso tellado e pídovos, unha vez máis, que continuedes implicados e implicadas na labor do GDR para afrontar o reto de facer un medio rural máis innovador, máis respectuoso co medio, máis novo e máis poboado.

En definitiva, UN RURAL DE FUTURO E CON FUTURO.

Un afectuoso saúdo

Don Manuel Taboada Vigo
Presidente

XUNTA DIRECTIVA

Presidente
Manuel Taboada Vigo
Alcalde de O Pino

Vicepresidente 1º
Ignacio Codesido Barreiro
Alcalde Concello de Touro

Vicepresidenta 2ª
Mª Jesús Novo Gómez
Alcaldesa Concello de Boimorto

Tesoureiro
Fernando Pérez Fernández
Alcalde Concello de Vilasantar

Secretaria
Dalia García Couso
Representante da AAVV O Leboreiro

Vocais
Álvaro Fontecoba Vázquez
Presidente CMVMC Boimil

José Luís García López
Alcalde Concello de Arzúa

Manuel Varela López
Presidente de Perpetuo Socorro S Coop Galega

José Luís Costoya Quintela
Presidente de AMARAI

Cristina Castro Pampín
Representante de DEPROECO

Diego J. Valiño Rodríguez
Presidente Asoc. Empresarios Comarca de Arzúa

Xosé Igrexas García
Concelleiro Concello de Melide

Matilde Pallares Cagide
Representante Asoc. Ocio e TR Ulla Tambre Mandeo

Manuel Agra Fernández
Presidente Asoc. Arrieiros

Pablo Balboa Oro
Concelleiro Concello de Santiso

José Ángel Penas García
Alcalde Concello Toques

Josefa Codesido Barreiro
Presidenta Asoc. de Amas de Casa Amor

Jesús Martínez Pereira
Presidente AAVV. San Félix de Quión

Pablo Costoya Varela
Representante Cooperativa CLUN

Beatriz Rodríguez Castro
Representante Asociación Axóuxere

ASEMBLEA XERAL

Asoc. de Empr. da Comarca de Arzúa (AECA)
Representante • Diego J. Valiño Rodríguez

Asoc. Nosa Sra Do Viso de Dombodán
Representante • Miguel Vallo García

Asoc. de Empresarias Rurais ASER
Representante • Minia Varela Antas

Asoc. EFA Galicia
Representante • Carmen Espiñeira García

Soc. Cooperativa Perpetuo Socorro
Representante • Manuel Varela López

Concello de Arzúa
Representante • José Luís García López

Concello de Boimorto
Representante • Mª Jesús Novo Gómez

CMVMC de Boimil
Representante • Álvaro Fontecoba Vázquez

Sociedade de Caza Cinexética de Boimorto
Representante • Álvaro Costoya Valiño

Asoc. Cultural Sta María dos Ánxeles
Representante • Laura Folgueira García

Concello de Melide
Representante • Xosé Igrexas García

Asoc. Empr. Terra de Melide (ASETEM)
Representante • Manuel Vázquez García

Club de Caza de Maceda
Representante • Santiago Liñeira Abad

Fungocerga SAT
Representante • Santiago Liñeira Casal

Sociedade Cooperativa CLUN
Representante • Pablo Costoya Varela

Asoc Deportiva Cazadores de Melide
Representante • Juan Manuel González G.

Concello de O Pino
Representante • Manuel Taboada Vigo

Sociedade de Cazadores A Magdalena
Representante • José Barreiro Barreiro

Cooperativa Cosoviame
Representante • Alberto Riveira García

Asoc. de Mulleres Río Noa Amfar
Representante • Pilar Pintor Gómez

Sociedade Deportiva O Pino
Representante • Manuel Mosteiro Castro

Concello de Santiso
Representante • Begoña López Martínez

Asoc. Sociocultural Santiso
Representante • Antonio Pazo Vázquez

Asoc. San Esteban de Pezobrés
Representante • Jose Manuel Laya

Asoc. Arrieiros
Representante • Manuel Agra Fernández

Asoc. Turismo de Aldea
Representante • Matilde Pallares Cagide

AAVV de Arcediago, Rairiz e Mourazos
Representante • Matilde Pallares Cagide

Asoc. Cultural A Braña
Representante • Ovidio Leiva Pereiro

Soc de Caza Sta Mª de Barazón
Representante • José Antonio Roca Gómez

Asoc. Ambiental As Rigueiras
Representante • Miguel Pazos Pintor

Asoc. Cultural O Noso Lar
Representante • J. Ignacio Adán Carril

Asoc. Cultural Aires da Beseña
Representante • Alberto Rodríguez Penas

Concello de Sobrado
Representante • Lisardo Santos Ares

Asociación de Emp. e Comercio de Sobrado
Representante • Silvia Barba Abad

Asoc mulleres rurais A Maristela
Representante • Mª Ángeles Sánchez Arias

Concello de Toques
Representante • Jose Ángel Penas García

Sociedade de Caza e Pesca A Xuntanza
Representante • Arturo Penas Prado

Concello de Touro
Representante • Ignacio Codesido Barreiro

AAVV. San Félix de Quión
Representante • Jesús Martínez Pereira

AAVV. San Miguel de Vilar
Representante • Manuel Barreiro Fernández

AAVV. Sta Isabel de Bendaña
Representante • José R. Barral Lago

Asoc. de Amas de Casa Amor
Representante • Josefa Codesido Barreiro

Asoc. de Mull. Rurais de Touro/AAVV Foxás
Representante • Mª Carmen Díaz Soto

AAVV. do Batán
Representante • Olaya Valiño Santiso

AAVV. de San Vicente de Bama
Representante • César Pena Suárez

ANPA A Santaia do CPI Fonte Díaz
Representante • Mª Elvira Martínez López

Banda de Música Isabel II
Representante • Manuel Rodríguez Calvo

Escudería Touro Motor
Representante • Ramón González Villar

Sociedade Deportiva Touro
Representante • Fernando Esturao Pérez

AAVV. As Mimosas de Mouterón
Representante • José Mª Fernández Puga

Gandería Sar SAT
Representante • Carlos Fernández Ares

Concello de Vilasantar
Representante • Fernando Pérez Fernández

SAT Chao
Representante • José M. Mahía Porto

SAT. San Martín de Armental
Representante • Joselino Gómez Gundín

Asoc. de Familias Rurais San Roque
Representante • Antonio Vázquez Rodríguez

APRALCO
Representante • J. David Leiva Balboa

Asoc. Turística Triemociones
Representante • Matilde Pallares Cagide

Asoc. Turística Terras de Ulla e Tambre
Representante • Eduardo Brandariz C.

Asociación AMARAI
Representante • J. Luís Costoya Quintela

Asociación Axóuxere
Representante • Beatriz Rodríguez Castro

Asociación Raíña Paraíso
Representante • Raquel Freire Roca

Asociación Deproeco
Representante • Cristina Castro Pampín

Asociación de Mulleres Rurais Alecrín
Representante • Aurora Fernández Blanco

Asociación Aldea Viva
Representante • Xosé Manuel Puga

AAVV O Leboreiro
Representante • Dalia García Couso

ANPA CPI Camiño de Santiago
Representante • Asunción Maíllo Sánchez

ANPA O Espertar CEIP nº 1
Representante • Rosa María García Rúa

XUNTAS DIRECTIVAS E ASEMBLEAS CELEBRADAS NO 2020: PRINCIPAIS ACORDOS

Xunta Directiva ordinaria do 11 de febreiro de 2020

- ✓ Solicitude de axuda para a xestión do Xeodestino 2020: territorio do Ulla Tambre Mandeo.
- ✓ Solicitude de axuda para o expediente "Difusión Leader 2020".

Xunta Directiva polo procedemento escrito abreviado urxente do 2 de abril de 2020

- ✓ Traspaso de fondos da medida 19.4 gastos de funcionamento do GDR á medida 19.2 de financiamento de proxectos.

Xunta Directiva polo procedemento escrito abreviado urxente do 17 de abril de 2020

- ✓ Solicitude de axuda para o expediente "Baños de bosque e de fe".

Xunta Directiva ordinaria do 22 de xuño de 2020

- ✓ Aprobación da proposta de memoria de actividades e contas anuais do 2019 para trasladar á Asemblea Xeral
- ✓ Aprobación da proposta do orzamento e actividades do 2020 para trasladar á Asemblea Xeral.
- ✓ Selección de proxectos <u>non produtivos</u> promovidos por entidades privadas para o Programa Leader:
  "Transporte adaptado para persoas con discapacidade", promovido por Asociación Amarai;
  "Nas lareiras do Camiño", promovido por Asociación Alecrín.
- ✓ Ratificación da non selección de proxectos con informe desfavorable:
  "Centro de usos múltiples de Toques", promovido pola Diócese de Lugo.
- ✓ Selección de proxectos <u>produtivos</u> para o Programa Leader:
  "Plantación ecolóxica mixta de nogueira e camelia sinensis", promovido por Begoña López Martínez;
  "Proxecto turístico-gastronómico-cultural O Remanso de Cosme", promovido por Ana Mouriño Méndez;
  "Ocio e tempo libre", promovido por Iago Seoane Vilas;
  "Empacadora de big bales, encaixadora e equipamento de tratamento de augas", promovido por Costiña Orgánica SL.;
  "Creación de servizo de carpintería", promovido por Abel Vázquez Zas;
  "Investimento en maquinaria para aumento de produtividade", promovido por Espomasa Poliuretanos SL.

ASEMBLEA XERAL ordinaria do 22 de xuño de 2020

- ✓ Aprobación da memoria de actividades e contas anuais do ano 2019.
- ✓ Aprobación das actividades previstas e orzamento para o 2020.

Xunta Directiva ordinaria do 30 de xullo de 2020

- ✓ Selección de proxectos non produtivos <u>promovidos por concellos</u> para o Programa Leader:
  "Acondicionamento de parque infantil no entorno de A Fraga", promovido polo Concello de Vilasantar.
  "Desenvolvemento de APP para dispositivos móbiles", promovido polo Concello de Touro.
  "Creación do portal do cidadán e APP", promovido polo Concello de Melide.

Xunta Directiva polo procedemento escrito abreviado urxente do 3 de novembro de 2020

- ✓ Aprobación da renovación da póliza de crédito coa entidade Sabadell Gallego.

PROGRAMA LEADER: PROXECTOS FINANCIADOS

Nave para ampliación de empresa de construción (Melide)

Construción de nave industrial para a ampliación da actividade da empresa melidá Construcciones M. Espiño SL. Esta empresa, cunha longa traxectoria empresarial e unha ampla experiencia en obra tanto pública como privada, pon en marcha con este proxecto a súa propia sede no polígono industrial da Madanela. No edificio, no que se implementarán medidas de eficiencia enerxética e de reutilización de augas, funcionará como sede do seu persoal, da súa actividade administrativa, así como de posta a punto e almacenaxe de maquinaria e equipamento.

E. Promotora: Construcciones M. Espiño SL
Investimento aceptado: 390.508,01 €
Axuda: 86.302,27 € (22,10%)
Creación de un emprego
Xustificado no 2020: 70%

Ten pendente o 30% restante cunha prórroga ata marzo do 2021



Adquisición de retrocargadora (Toques)

O proxecto inclúe como investimento a adquisición dunha retrocargadora. Con este equipo, o promotor, José Luís García Porto, poderá prestar un novo servizo que ata agora se vía obrigado a subcontratar por carecer da maquinaria, a extracción de áridos. O investimento suponlle, polo tanto, unha minoración nos custes de prestación do servizo e un incremento na rendibilidade económica da actividade que realiza desde fai máis de vinte anos, a consolidación de terreos. Aínda que a execución do 2019 se xustificou con base nun anticipo, no momento de redacción desta memoria de actividades o promotor xa adquiriu o equipo e xustificou o 100% do investimento.

Promotor: José Luís García Porto
Investimento executado: 80.000,00€
Axuda: 18.248,00 € (22,81%)
Executado nun 100% en 2020.



Rehabilitación de edificación para pensión rural e cafetería en Medín (O Pino)

Iniciativa na que se rehabilitan os anexos dunha casa vella e abandonada para crear unha pequena pensión e un restaurante-cafetería ó pé do Camiño Norte, no lugar de Couto Pequeno, en O Pino.

En total crearanse dez prazas de aloxamento en cinco habitacións dobres. O establecemento ofrecerá tamén almorzos e ceas para as persoas aloxadas e servizo de bar. Ademais, segundo se establece no anexo III o negocio contará cun espazo de exposición e venda dos produtos agroalimentarios do territorio e de produtos ecolóxicos. Este proxecto está promovido por Lucía García e a súa parella, o seu obxectivo é emprender unha actividade económica aproveitando o recurso do Camiño de Santiago. Exclúese do orzamento subvencionable a parte correspondente ó bar/cafetería, en virtude da estratexia do GDR.

E. Promotora: DGranxa Servizos Técnicos SL
Investimento aceptado: 401.305,88€ (77,75% do total)
Axuda: 142.824,76€ (35,59%)
Creación dun emprego
Executado un 70% no 2020



Ampliación da área recreativa O Liño (Santiso)

Trátase dun proxecto promovido polo Concello de Santiso destinado á mellora da área recreativa do Liño, no río Ulla, ó seu paso por Santiso. A mellora contempla a ampliación da superficie útil da área recreativa coa adquisición dunha parcela anexa á mesma, así como a súa humanización e adecuación a novos usos como un parque infantil, unha zona deportiva e unha área de autocaravanas. Ademais, dotarase de máis espazo útil para a festa do río, tanto para a festa en sí, como para o aparcamento de vehículos.

E. Promotora: Concello de Santiso
Investimento executado: 106.837,19 €
Axuda: 83.204,80 € (77,88%)
Xustificado nun 100% no 2020



Optimización de instalacións da residencia e centro de día de Boimorto (Boimorto)

Iniciativa de carácter non produtivo, promovida polo Concello de Boimorto, para mellorar a eficiencia enerxética do edifico destinado a residencia de persoas maiores e centro de día do concello. Coa posta en marcha dos investimentos recollidos redúcese de forma importante o gasto enerxético relativo á calefacción das instalacións, un dos maiores custes que soportan. Para conseguir este aforro no consumo de enerxía recórrese á instalación de enerxías renovables, xerando, polo tanto, unha mellora tamén ambiental e proporcionando, por último, ás persoas maiores usuarias destas instalacións unha fonte de enerxía limpa, eficiente e efectiva, mellorando as súas condicións de benestar e confort.

E. Promotora: Concello de Boimorto
Investimento aceptado: 114.226,68€
Axuda: 102.804,01€ (90,00%)
Ten pendente o 69% da execución cunha prórroga ata marzo do 2021



Ampliación de campamento de turismo (Touro)

Instalación e explotación de tres cabanas de madeira para aloxamento, nun campamento de turismo de luxo en Touro preto do río Ulla. O campamento vai contar cun espazo de comercialización de produtos agroalimentarios locais e ecolóxicos no edificio que existe de servizos xerais (recepción, baños, cafetería). Actualmente o campamento ten en funcionamento oito parcelas para tendas de campaña (con auga, electricidade, etc.) e un espazo para autocaravanas. O enclave natural é inigualable: unha finca de catro hectáreas de carballos, bidueiros, frondosas, piñeiros, etc.,

E. Promotora: Fontes de Mane SL
Investimento executado: 82.025,00€
Axuda: 28.027,94 (34,17%)
Creación de 0.5 empregos
Executado nun 100% no 2020

Premio Agader 2021 ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural na categoría de “mocidade”



Aprendo xogando (Touro)

Posta en marcha dun novo espazo de xogo para os máis cativos do concello de Touro, promovido polo Concello, co obxectivo de fomentar a súa socialización. Este espazo dotarase dunha área lúdica con material interactivo e educativo xa sexa para o xogo libre ou tutorizado. O área lúdica localízase nunha zona na que xa existía un pequeno parque (randeeira e tobogán) xa non funcionais, que se ve substituído por un conxunto de xogos educativos que amplía e mellora a oferta lúdica ó tempo que mellora as condicións de seguridade e confort dos usuarios e usuarias de acordo ás esixencias actuais.

E. Promotora: Concello de Touro
Investimento executado: 33.556,31 €
Axuda: 25.583,33 € (76,24%)
Executado dun 100% no 2020



Creación de servizo de carpintería (Toques)

Posta en marcha dunha actividade de carpintería para dar servizo a obras e locais con pequenas reformas, traballos especializados, obras novas, etc; a cargo de Abel Vázquez, o promotor, un rapaz de 35 anos con preto de quince anos de experiencia profesional, o cal, con este proxecto, se converte en empresario emprendedor. Préstase servizo a domicilio, polo que os investimentos recollidos son: unha furgoneta e maquinaria portátil para facer os traballos na mesma obra ou local onde se soliciten.

Promotor: Abel Vázquez Zas
Investimento executado: 20.842,96 €
Axuda: 6.826,07 € (32,75%)
Creación dun emprego
Executado dun 100% no 2020



Investimento en empacadora de big bales, encaixadora e equipamento de tratamento de augas (O Pino)

Adquisición de equipamento de alta capacidade industrial para a mellora de produción e comercialización de abonos da empresa Costiña Orgánica SL. A empacadora de big bales e a encaixadora automática permitiranlle a esta empresa unha maior capacidade de produción e venda do produto, e o equipamento adquirido para o tratamento das augas garantirá unha maior medida a sostibilidade do proceso produtivo. Con este investimento a empresa pode afrontar o proxecto de crecemento empresarial que está planificando desde fai tempo. A porcentaxe de axuda que lle corresponde é un 34,17%, non obstante, a axuda efectiva redúcese a 200.000,00 € por ser o límite máximo segundo a normativa.

E. Promotora: Costiña Orgánica SL
Investimento aceptado: 601.253,00 €
Axuda: 200.000,00 € (34,17%)
Executado dun 20% no 2020 e solicitado un anticipo do 40% mediante aval bancario



Transporte adaptado para persoas con discapacidade (Arzúa)

Adquisición dun novo elemento de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida, por parte da Asociación Amarai, para dar servizo ás persoas usuarias do seu Centro de Recursos O Campelo, localizado en Boimorto. Neste centro, o persoal de Amarai atende a máis de vinte usuarios das comarcas de Arzúa e Melide, ofrecendo actividades de benestar e terapias ocupacionais destinadas a mellorar a súa independencia persoal e a súa calidade de vida, así como a das súas familias. Este proxecto non produtivo, de prioridade alta para o baremo do GDR, obtivo unha porcentaxe de axuda do 72,14%, reducido a un 49,72% pola concesión dunha axuda compatible para o mesmo proxecto, de outra Administración.

E. Promotora: Asociación Amarai
Investimento executado: 31.173,12 €
Axuda: 15.500,65 € (49,72%)
Executado dun 100% no 2020



Ocio e tempo libre (Boimorto)

Posta en marcha dunha nova empresa de ocio e tempo libre en Boimorto, da man do promotor do proxecto para o cal esta iniciativa supón o seu comezo no mundo do emprendemento e o seu posto de traballo en réxime de autoemprego. A actividade desenvólvese principalmente nunha finca familiar de Boimorto, se ben é posible, prestar o servizo a domicilio. Está baseada en distintas actividades de ocio dirixido a colectivos infantís e xuvenís: obradoiros de elaboración de pan, artigos de coiro, coñecemento da natureza, actividades deportivas, etc. e outras como o tiro con arco, lasertag, ou circuítos de xogos pensada para todo tipo de público. O equipamento para este tipo de actividades é o que se inclúe como investimento subvencionable.

Promotor: Iago Seoane Vilas
Investimento executado: 12.492,69 €
Axuda: 4.312,48 € (35,95%)
Creación dun emprego
Executado dun 100% no 2020



Desenvolvemento de aplicación para dispositivos móbiles (Touro)

Deseño e posta en marcha dunha nova aplicación móbil municipal que ten como contido principal a información turística do Concello de Touro. O obxectivo da aplicación é dar a coñecer os atractivos turísticos de Touro a visitantes e peregrinos, achegándolles virtualmente os recursos e patrimonio locais. O Concello de Touro leva anos desenvolvendo unha estratexia orientada ó turismo con continuas melloras nos recursos e ampliación de servizos turísticos: rutas de sendeirismo homologadas, dotación de infraestruturas como o centro de interpretación do Ulla ou a área de autocaravanas, Ruta do Holandés e do Eurovelo, promoción do Entroido tradicional do Ulla, etc.

E. Promotora: Concello de Touro
Investimento executado: 17.508,19 €
Axuda: 12.917,54 € (73,78 %)
Executado dun 100% no 2020



Portal do cidadán de Melide e APP (Melide)



Posta en marcha do portal do cidadán do Concello de Melide. Esta ferramenta permite á poboación local implementar a xestión electrónica de moitos dos trámites que oferta a entidade pública local, familiarizándoos coas tecnoloxías da información e da comunicación. O portal do cidadán, e a APP respectiva do mesmo, amplían o catálogo de servizos e recursos que ten a disposición da poboación local e dos visitantes o Concello de Melide, posto que serán servizos a maiores dos propiamente corporativos que figuran na páxina web municipal.

E. Promotora: Concello de Melide
Investimento executado: 14.172,59 €
Axuda: 8.132,23 € (57,38 %)
Executado dun 100% no 2020



Acondicionamento de local para venda de xeados artesáns (Arzúa)

Posta en Posta en marcha dun negocio de comercio polo miúdo de xeados artesáns que a empresa promotora, Seixas Indulac SL, elabora no seu municipio de orixe, o concello de Taboada, en Lugo. A empresa está en expansión dende a súa creación, como o demostra o feito de que xa habilitou máis xeaderías noutros concellos do Camiño Francés como son Palas de Rei e Portomarín. Os investimentos incluían: a reforma e obra do local, a adquisición da maquinaria e mobiliario da actividade, estudo de viabilidade e honorarios e a rotulación por un total de 126.000 euros. A situación xerada polo COVID19 fixo que a empresa readaptara o proxecto reducindo o orzamento á metade e minorando o compromiso de emprego subscrito, non obstante, a xeadería púxose en marcha, adaptándose ás circunstancias. Dado que é un negocio de comercio polo miúdo, o proxecto debe cumprir o establecido nas normas xerais do GDR Ulla Tambre Mandeo as cales recollen: *"Será subvencionable calquera comercio polo miúdo sempre e cando non exista ningún no concello",* para acreditalo achegouse o correspondente certificado do Concello de Arzúa acreditando esta circunstancia.

E. Promotora: Seixas Indulac SL
Investimento executado: 58.336,10 €
Axuda: 11.649,72 € (19,97%)
Executado dun 100% no 2020



Proxecto turístico-gastronómico cultural O Remanso de Cosme (Santiso)

Posta en marcha dun complexo de servizos entre os que se contan: servizo de comida a domicilio, habilitación dunha horta ecolóxica na propia parcela do negocio; exposición e comercio polo miúdo de produción agroalimentaria local e restauración no propio local. Tamén se habilitarán novas infraestruturas para dar servizos auxiliares a: público infantil e familias (parque), poboación local e visitantes a cabalo (amarres para monturas) e en bicicleta (aparcadoiro), así como servizo de acceso a internet e locutorio. Os investimentos inclúen a obra civil de construción do inmoble e a adquisición de equipamento de cociña e mobiliario. O GDR, en función das súas limitacións sectoriais, acepta como subvencionable o importe proporcional ó espazo destinado á exposición e venda de produtos locais e o 50% do orzamento (obra civil e equipamento) destinado a cociña para o servizo de catering.

Promotora: Ana Mouriño Méndez
Investimento aceptado: 70.865,41 € (39% do total)
Axuda: 28.239,87 € (39,85%)
Solicitado un 50% no 2020 mediante anticipo



Parque infantil no entorno da pista multideportiva de A Fraga (Vilasantar)

Novo espazo infantil de xogo no concello de Vilasantar, concretamente, no entorno da piscina municipal co cal ampliar os espazos de socialización dos nenos e nenas de Vilasantar, así como dos que visiten o Concello no verán para desfrutar das instalacións da piscina. O novo espazo conta con equipamento lúdico para o xogo libre ou titorizado. A porcentaxe de axuda obtida pola puntuación do baremo foi do 76,24% sobre o investimento total, a axuda efectiva do Leader quedou reducida a un 30% pola existencia de outra axuda compatible para o mesmo proxecto.

E. Promotora: Concello de Vilasantar
Investimento executado: 32.373,55 €
Axuda: 9.712,07€ (30,00 %)
Executado dun 100% no 2020



Investimento en maquinaria para o aumento da produtividade (Toques)

Adquisición e posta en funcionamento de maquinaria que permitirá un incremento da produción de fundas téxtiles, realizado pola empresa promotora, dun 25%. O investimento componse dunha máquina de ultrasóns e unha máquina de platabandas dedicada ó corte de espumas, pegado, peche con platabandas, etiquetado e empaquetado.

E. Promotora: Espomasa Poliuretanos SL
Investimento executado: 88.000,00 €
Axuda: 28.820,00€ (32,75%)
Executado dun 100% no 2020



Plantación ecolóxica mixta de camelia sinensis e nogueiras (Santiso)

Proxecto agroforestal baseado na posta en marcha dunha plantación mixta de camelia sinensis, para a obtención de té, concretamente o branco e verde, os que precisan menos manipulación e presentan un maior nivel de antioxidantes; e de noces. Ambos produtos se certificarán en ecolóxico ó poñer en marcha estes cultivos nunha parcela abandonada, plantada con eucaliptos nun pasado. Este proxecto, polo tanto, ademais de supoñer a obtención dunha renda secundaria para a promotora, avogada de profesión, supón unha recuperación da terra agraria, pasando dun cultivo foráneo a un aproveitamento sostible a través de especies forestais autóctonas. O investimento inclúe os traballos de preparación do cultivo, a instalación de rego e a adquisición das plantas.

Promotora: Begoña López Martínez
Investimento executado: 10.230,00 €
Axuda: 4.221,92 € (41,98 %)
Executado dun 100% no 2020



PROGRAMA LEADER: PROXECTOS DE DIFUSIÓN

O GDR destina o 5% do orzamento anual a levar a cabo distintas actividades coas que dar a coñecer o Leader á poboación, promocionar o territorio e valorizar o seu capital endóxeno (turístico, natural, cultural, etc.), estreitar lazos entre os axentes socioeconómicos e favorecer a implicación de todos os colectivos no desenvolvemento rural.

Ó inicio do ano 2020, planificouse destinar un total de 51.200 euros ó eido da promoción territorial e de difusión do Leader. Un total de 35.000 euros con orixe no Leader e os restantes 16.200 euros do convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura e Turismo para a xestión do subdestino das Terras do Ulla e do Tambre inserido no Xeodestino Terras de Santiago.

A promoción planificada incluía accións presenciais en distintos ámbitos, destacando a valorización turística, a promoción da produción agroalimentaria local e a difusión do medio natural local a través de accións presenciais.

Finalmente, a chegada da pandemia deu ó traste co plan inicial e varias das actividades, como a presencia en feiras do stand do GDR, foi imposible executalas; outras, foi necesario adaptalas ás circunstancias sanitarias e ás restricións existentes en cada momento.

O orzamento final executado en promoción territorial no ano 2020 acadou os 30.315 euros.

Campaña de difusión do Leader 2020: Asemblea xeral, memoria de actividades e regalos institucionais

No mes de xuño de 2020, e con todas as medidas de protección sanitaria que se establecen no protocolo deseñado polo GDR para garantir a seguridade das persoas asistentes, celebrouse a Asemblea Xeral ordinaria da Asociación. Nela, a Xunta Directiva deu conta tanto do informe económico e das actividades realizadas no 2019 como da planificación das mesmas para a vixente anualidade.

Os gastos de impresión da memoria de actividades, actualización da web do GDR e adquisición de material institucional foron incluídos nun expediente de difusión.



Redes sociais e medios de comunicación

As ferramentas utilizadas no plan de medios do GDR son basicamente as seguintes:

WEB CORPORATIVA, nela mantense actualizada toda a información e documentación relativa á xestión e tramitación das axudas do Leader, así como a axenda coas actividades que a asociación desenvolve ó longo do ano. Tamén conta coa versión dixital, e dispoñible para descarga, de moitos dos proxectos de difusión realizados: guía da flora e da fauna, mapa turístico, etc. Parte da difusión turística online que se realizou neste 2020, como é a dixitalización das rutas do Ulla e do Tambre e a súa locución en audioguías, aloxouse na web do GDR cambiando por completo o deseño da pestana que se lle dedica ó turismo e patrimonio.

NOTAS DE PRENSA, desde a súa posta en funcionamento, o GDR comunica as súas actividades ós medios de prensa escrita e audiovisual galegos a través da redacción e remisión de notas de prensa e material fotográfico.

PERFIL DE FACEBOOK, nesta rede social o GDR conta cunha comunidade activa de onde se conseguiu crear unha comunidade activa de máis de 900 membros, entre os que se atopan entidades públicas, axentes socioeconómicos do territorio, empresas locais, etc. que comparten entre eles información económica, cultural e laboral do territorio e novas sobre outros proxectos de desenvolvemento rural. Ó igual que a web, utilízase para publicitar as accións e actualidade do GDR, pero dunha maneira máis enriquecedora e áxil gracias á interacción propia deste medio e á súa bidireccionalidade, a cal permite recibir propostas e recoller opinións simultaneamente.

PARTICIPACIÓN NAS RADIOS LOCAIS DE MELIDE E ARZÚA, o GDR conta cun programa propio en Radio Melide, o Espazo Leader, o cal se emite cada xoves ás 11:15. Por outra banda, tamén acode baixo demanda a Radio Arzúa de forma periódica co mesmo obxectivo, dar a coñecer o Leader e os seus resultados.

Camiños de Auga nas Terras do Ulla e do Tambre, campaña de promoción turística en redes

A finais da primavera do 2020, despois do confinamento, decidiuse reorientar as accións de difusión planificadas nesta anualidade. Por unha banda, o sector turístico e comercial local viuse moi afectado pola pandemia e polas restricións á mobilidade posteriores, sobre todo deixouse sentir o efecto no Camiño de Santiago, e por outra, esta situación identificouse como unha oportunidade para recibir a visitantes e turistas urbanos con ganas de perderse nun entorno natural e seguro.

En base ó anterior, decidiuse poñer en marcha unha campaña promocional online, en especial, nas redes sociais para, a través de contido audiovisual específico e novidoso, dinamizar o destino turístico e relanzar o sector a nivel local. Este obxectivo principal desagregouse na consecución das seguintes metas:

1. Animar á poboación local e, sobre todo, ós posibles turistas a visitar e coñecer o territorio do Ulla Tambre Mandeo.

2. Dar a coñecer o patrimonio natural, cultural, etnográfico e agroalimentario dos nove concellos do territorio.

3. Promocionar o territorio do Ulla Tambre Mandeo como un destino turístico non masificado, seguro nos tempos de recuperación do COVID19, atractivo, descoñecido, natural e accesible.

4. Profundar nos temas específicos relativos a: baños de bosque, relacionado coas posibles actividades dispoñibles para facer no entorno natural do Ulla Tambre Mandeo (rutas de sendeirismo, BTT, baños en zonas fluviais, etc) e baños de fe, relacionado co peche primeiro do Camiño de Santiago por mor do COVID19 e da súa escasa afluencia nos meses seguintes, o que supón a oportunidade de facer estes percorridos de forma segura e tranquila. Ambas ideas buscan atraer ós turistas ó Ulla Tambre Mandeo e explotalo como un destino seguro no que facer actividades ó aire libre e en plena natureza despois do confinamento.

Camiños de Auga

A campaña denominouse “Camiños de Auga”, facendo referencia ós distintos “camiños” de Santiago que percorren o territorio e que o dotan de numeroso patrimonio arquitectónico e histórico; así como á “auga”, representando ós principais ríos que bañan o Ulla Tambre Mandeo e que proporcionan moitos dos recursos patrimoniais de natureza e de ocio do mesmo. Conséguese desta forma coordinar a filosofía final desta campaña cos baños de bosque e fe fixados polo GDR no deseño desta iniciativa de difusión. Con relación á campaña, a empresa levou a cabo as seguintes tarefas principais:

Deseño de material audiovisual específico e novidoso para nutrir os dous meses de campaña promocional en redes. Un vídeo longo de minuto e medio dedicado de forma global a resaltar os atractivos turísticos do territorio, así como, derivados do anterior, un total de oito clips curtos de carácter “temático” coas ideas claves a resaltar: turismo familiar, Rede Natura, patrimonio, gastronomía, Camiño de Santiago, sendeirismo, turismo de natureza, etc.

Todos e cada un deles contan cos logotipos das entidades financiadoras e cos requisitos de publicidade das axudas. Este material está dispoñible no canal de Youtube do GDR Ulla Tambre Mandeo e nas redes sociais a través das publicacións.

Realización de reportaxe fotográfica na que apoiar, de igual forma que cos vídeos, as publicacións da campaña.

Xestión da campaña promocional en redes a través dos perfís creados en Facebook e en Instagram, as dúas plataformas escollidas para levalas a cabo en función da súa chegada á poboación obxectivo. Esta xestión inclúe: deseño de imaxe corporativa, publicacións diarias propias, recollida e divulgación de publicacións de outras entidades e administración con relación ó contido da campaña, interacción coa comunidade creada nas plataformas coa resolución de dúbidas, ampliación de información e resolución de posibles conflitos coa mesma (no caso de habelos), contratación de servizo de promoción "social ads". Os perfís habilitados foron os seguintes:

a. Facebook: @caminosdeauga
b. Instagram: @camino_de_auga

Función de gabinete de prensa durante a realización da campaña: relación e contacto cos medios de comunicación xeral, escrita e audiovisual, redacción de notas de prensa para a promoción da campaña, etc.

Nos seus dous meses de andaina, Camiños de Auga sumou 5.540 Me Gusta e 5.800 seguidores en Facebook. Boa parte deste éxito de convocatoria hai que vencellalo á promoción publicitaria dalgunhas publicacións e á realización de varios sorteos.

No primeiro mes, lanzáronse tres sorteos de lotes de produtos gastronómicos para enviar á casa dos gañadores e, a continuación, catro sorteos de estancias en establecementos hoteleiros do territorio. Con esta iniciativa, lográbanse catro obxectivos: seguir medrando en Facebook, dar a coñecer estes aloxamentos, investir nos mesmos e facer que os gañadores se achegasen ao territorio. O último sorteo, do hotel A Curuxa, chegou a máis de 230.000 persoas e provocou máis de 33.000 interaccións. Xa en Instagram, hai que subliñar os 1.250 seguidores que se lograron nestes dous meses cun total de 84 publicacións.

Centrándonos no alcance, as publicacións de Camiños de Auga en Facebook chegaron nestes dous meses a máis de 300.000 persoas, na súa maioría residentes nas sete grandes cidades galegas. Pero tamén hai que subliñar as 10.000 persoas alcanzadas en Portugal ou os 7.400 de Madrid.



Co-xestión do Xeodestino Terras de Santiago: promoción turística nas Terras do Ulla e do Tambre

A principios do ano 2019 o GDR Ulla Tambre Mandeo presentou a súa candidatura para xestionar o Xeodestino Terras de Santiago, un dos territorios nos que dividiu a Axencia de Turismo da Xunta de Galicia o mapa da comunidade, co obxectivo de consolidalos como destinos turísticos diferenciados e autoxestionados da man de entidades autónomas que asuman a responsabilidade.

No ano 2020 o GDR presentou de novo a súa candidatura para esta xestión, cunha modificación, a Consellería de Cultura e Turismo deu a opción de xestionar subdestinos dentro do Xeodestino Terras de Santiago, polo cal, o destino turístico promocionado polo Ulla Tambre Mandeo quedou restrinxido ó seu ámbito territorial.

Nesta segunda anualidade continuouse profundando nos obxectivos e accións iniciados no 2019, apostando polo turismo de calidade baseado en: natureza, seguridade, desconexión, paisaxe e patrimonio.

As accións divulgativas e promocionais que se incluíron no plan de xestión foron as seguintes:

A. REEDICIÓN, TRADUCIÓN E REIMPRESIÓN DAS RUTAS Ó VOLANTE DO ULLA E DO TAMBRE

A ruta do Ulla é unha ruta circular que percorre os concellos de O Pino, Touro, Arzúa e Santiso con visita ós principais puntos patrimoniais, naturais ou centros de servizos: o conxunto de hórreos e igrexa en Pedrouzo, o Centro de Interpretación do Río Ulla en Touro, o Pozo do Pego do Ulla en Touro, o Salto das Pombas que divide Arzúa de Touro, o Enredo do Abelleiro de Portodemouros en Arzúa, o Pazo Vilar de Ferreiros de Santiso, o Ferri que cruza de Vila de Cruces a Santiso polo Ulla, e a vila de Arzúa antes de volver a Pedrouzo.

A ruta do Tambre é unha ruta circular que percorre os concellos de Vilasantar, Boimorto, Toques, Melide e Sobrado onde se realizan as seguintes visitas: Igrexa románica de Santa María de Mezonzo, batán e muíño en Mezonzo, ambos en Vilasantar, o miliario romano e a Igrexa de Sendelle en Boimorto, a igrexa prerrománica, o dolmen Forno dos Mouros

e o salto das Brañas en Toques, a vila de Melide, e o mosteiro e lagoa en Sobrado.

Neste ano 2020, as actuacións foron as seguintes:

1. Tradución ó galego e ó portugués das rutas ó volante. As guías orixinais estaban en castelán e inglés, para poder chegar a un público obxectivo o máis amplo posible. O obxectivo desta nova edición, planificada a principios do verán de 2020, despois de tres meses de confinamento e coa vista posta nunha etapa post-covid foi a promoción das mesmas entre o público galego, o turismo de proximidade, e o do norte de Portugal, o cal a principios do verán presentaba unha situación epidemiolóxica similar á galega.

2. Actualización de contidos e optimización do deseño. Nesta nova edición, actualizáronse os contidos das guías (novo material fotográfico, actualización dos negocios turísticos, etc.); e, tamén, se apostou por un novo deseño mellorado, máis accesible e visual.

3. Impresión de 1.000 exemplares para repartir entre o público obxectivo.

B. DIXITALIZACIÓN DAS RUTAS Ó VOLANTE

Dada a nova situación global xerada pola aparición do COVID19 e a situación xeral de emerxencia sanitaria, decidiuse inserir as rutas ó volante nun espazo online no que toda aquela persoa visitante que o desexe poida acceder ó seu contido sen telas en papel. Ademais de dixitalizalas na rede, procedeuse a gravar nunhas audioguías a principal información das paradas recollidas; de xeito que as persoas usuarias poidan seguilas e gozar das mesmas de xeito independente e totalmente accesible para calquera visitante cun terminal móbil con internet, sen necesidade de descargar APPs, nin ningún tipo de rexistro, etc.

Tanto as rutas dixitalizadas como as audioguías incluídas están localizadas nun espazo específico dentro da páxina web do GDR Ulla Tambre Mandeo.

C. PROMOCIÓN DO SUBXEODESTINO E DAS RUTAS Ó VOLANTE EN REDES SOCIAIS

Promoción do subxeodestino, de forma xeral, e das rutas ó volante, de forma específica, en redes sociais, a través da imaxe corporativa creada polo GDR "Camiños de Auga". A partir de agosto do ano 2020, a promoción en redes fíxose con cargo ós fondos do subdestino asignados en virtude do convenio, facendo publicacións periódicas nas redes sociais, Facebook e Instagram, sobre os distintos atractivos turísticos do territorio, o funcionamento do sector turístico local así como das propias accións divulgativas levadas a cabo con cargo ó convenio do Xeodestino.



D. CELEBRACIÓN DA FEIRA VIRTUAL TURÍSTICA

Na memoria co conxunto de actividades a realizar que acompañaba a solicitude do GDR Ulla Tambre Mandeo para a xestión do Xeodestino, no ano 2020, aparecía recollida a realización dunha ruta demostrativa do Ulla e do Tambre para profesionais e persoas relevantes no sector turístico do norte de Portugal. O obxectivo, unha vez máis, vender o destino turístico nesta zona concreta así como no resto de Galicia. Polas circunstancias sanitarias que se deron a partir do mes de setembro tanto en Galicia como en Portugal, as cales desaconsellaban a organización deste tipo de actividades, cando non as impedían, decidiuse reorientar esta acción cara un encontro online.

Finalmente, organizouse unha Feira virtual, na que participaron diversos persoeiros do sector turístico galego e portugués nun foro de opinión que serviu para presentar o destino. Con este obxectivo, realizouse un novo material audiovisual que está dispoñible para a súa visualización no canal de Youtube do GDR. A continuación, tivo lugar a "feira virtual" propiamente dita, na que varias axencias de viaxe emisoras do norte de Portugal e Galicia puideron manter contactos bilaterais con todos aqueles profesionais do turismo local que estiveron interesados en participar e se inscribiron na axenda de contactos deseñada para tal fin, co obxectivo de vender tanto o destino como os seus negocios, na busca de sinerxías promocionais.

O evento online foi moderado por Cristóbal Ramírez, xornalista especializado no ámbito turístico do Camiño de Santiago, e o programa da xornada desenvolveuse do seguinte xeito:

10.00 – 10.15 horas. *Inauguración da Feira Virtual turística.* Don Manuel Taboada, presidente do GDR Ulla Tambre Mandeo.

10.15 – 10.45 horas. *Percorrendo as rutas dos ríos Ulla e Tambre: Valores paisaxísticos, patrimoniais e gastronómicos*. Dona Lidia de la Fuente, guía turística.

10.45 – 11.15 horas. *O río como xerador de novos atractivos turísticos e de ocio.* Don Carlos Rodríguez, mestre da Escola Unitaria de Turismo da UDC.

11.15 – 11.45 horas. *O novo turista na era post-covid: apostando pola natureza e o sendeirismo*. Dona Cristina Mendes, Asociación Portuguesa de Axencias de Viaxe e Turismo.

11.45 – 12.15 horas. *Presentación das conclusións e inauguración das mesas de contratación.* Dona María Fernández, xerenta do GDR Ulla Tambre Mandeo.

12.15 – 14.15 horas. Celebración de mesas de contratación.

A Feira Virtual contou con preto de vinte inscritos, a maior parte deles profesionais do sector turístico local que se inscribiron tanto para asistir ás ponencias como para participar nas mesas de contratación coas axencias de viaxe, das cales, estiveron presentes, entre outras: Galicia Incoming, Marly Camino, Viajes Abreu, Siente Galicia e Art Natura.

En xeral, a valoración dos participantes da feira virtual foi boa, en función das tarefas de control e avaliación que levou a cabo o equipo técnico a posteriori; tanto para os profesionais con moitos anos de experiencia no sector como para aqueles que acaban de abrir o seu negocio e esta acción significaba o seu primeiro contacto comercial.

No 2021, froito da lenta evolución nas solucións da pandemia, albíscase a necesidade de seguir profundando en iniciativas deste estilo para dinamizar e a apoiar ás empresas locais e conseguir promocionar o destino turístico do Ulla Tambre Mandeo.

Para conseguilo o GDR aspira a seguir xestionando os fondos dispoñibles para os Xeodestinos de Galicia, as cales poñerán o foco no deseño de novos produtos turísticos para aumentar o atractivo do territorio, na dinamización dos xa existentes e na mellora da colaboración entre administracións, entidades e sector turístico local para a maior profesionalización do mesmo.



“Máis informada, menos vítima”. Axuda de Igualdade, Pacto de Estado contra a violencia de xénero

No ano 2020, ó igual que no ano anterior, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través dun convenio de colaboración coa Agader e con cargo ós fondos existentes do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, ofreceu ós GDRs a posibilidade de levar a cabo actuacións divulgativas para a loita contra a violencia machista e a sensibilización da sociedade contra esta lacra social.

Co proxecto “Máis informada, menos vítima”, o GDR levou a cabo distintas accións de reflexión e concienciación sobre a violencia machista así como de información á poboación local de maneira ordenada e didáctica dos recursos dispoñibles á hora de enfrontarse con esta lacra; xa sexa como vítima, testemuña ou, incluso, agresor. O orzamento total desta iniciativa, con cargo ó convenio subscrito entre Igualdade e Agader, ascendeu a 8.500 euros.

Na realización do proxecto colaborou o persoal dos distintos CIMs locais e dos servizos sociais municipais, o cal, coa súa experiencia e coñecemento foi guiando ó equipo técnico do GDR no deseño e confección da campaña divulgativa.

Puxéronse en marcha tres accións disintas e complementarias á vez:

A. Creación dos espazos “máis informada, menos vítima” no entorno local. Recompilación de forma ordenada e didáctica dos principais recursos locais e tamén xerais contra a violencia machista e inserción de la información a través de carteis ríxidos coa imaxe xa recoñecida “en negro contra a violencia” en localizacións de paso obrigado da poboación local, aínda en situacións de restricións á mobilidade, como son todas e cada unha das farmacias do territorio de actuación.

B. Deseño e colocación de paneis descritivos de situacións cotiás discriminatorias para a muller, que poden introducilas a longo prazo no círculo da violencia, que supoñen control por parte da parella, illamento ou anulación, e que poden ser confundidas co amor romántico, celos, coidado, etc. Atractivo visual mente para captar a atención. Este material colocouse nos principais puntos de reunión ou paso dos distintos concellos do GDR: centros médicos, institutos de secundaria, áreas comerciais de gran tráfico local, Edificios Municipais, etc. De forma xeral, uns 3 ou 4 espazos por cada un de los nove concellos.

C. "Lingua Denuncia". Organización dunha acción participativa na que a poboación local reflexione e detecte patróns de conduta e comportamentos violentos ou tendentes á violencia na rutina cotiá. O obxectivo foi o de detectar a través de "frases" ou "ditos" o machismo do día a día que pasa desapercibido pero que é o xerme do resto de comportamentos máis graves que desembocan en situacións extremas de violencia machista. Esta acción foi levada a cabo coa colaboración do persoal educativo da EFA Piñeiral no seo da súa comunidade estudantil e no das familias do alumnado, para enriquecer o procedemento con perspectivas de distintas idades. O resultado do traballo, a selección de frases ou ditos, reflectiuse en material divulgativo en forma de camisetas para o seu reparto entre a poboación local implicada así como outros colectivos de interese como a poboación moza.

O 25 de novembro, día da Conmemoración contra a violencia machista, presentáronse oficialmente os traballos realizados, así como o seu resultado, no centro da EFA Piñeiral nun acto presidido pola súa directora, Ana Saavedra, e coa asistencia do presidente do GDR, Manuel Taboada, e da concelleira de cultura de Arzúa, Aurora Varela.

Traballo en rede e cooperación

Unha das sete características diferenciadoras do Leader é a de implementar no desenvolvemento da xestión do programa o traballo en rede, o cal, permite o intercambio de coñecementos e capacidades, o traslado de experiencias de éxito e a posibilidade de levar a cabo proxectos comúns; a través da materialización dese traballo en rede en proxectos de cooperación concretos.

O traballo en rede fai referencia á comunicación eficaz dos integrantes do Ulla Tambre Mandeo coa propia Agader, cos outros GDRs (galegos, españois ou europeos) e tamén con outras entidades e organismos con obxectivos similares ó obxecto da asociación: o desenvolvemento rural sostible no territorio.

No ano 2020, o GDR asistiu a diversas actividades e encontros de traballo neste ámbito. Entre elas, cabe mencionar:

- *Reunións técnicas bilaterais Agader-GDRs.* Un dos obxectivos do Leader 2014-2020 foi a de reforzar a comunicación e coordinación entre os distintos GDRs e Agader para a mellora na xestión e desenvolvemento do programa, para o cal, se establecen reunións periódicas de tipo técnico coas que realizar un traballo continuo de avaliación e mellora.

- *Participación das actividades da Asociación de GDRs de Galicia.* Esta participación fai referencia tanto ó funcionamento corporativo da Asociación, posto que o Ulla Tambre Mandeo ten representación tanto na Asemblea Xeral como na Xunta Directiva, como na colaboración nas actividades que se poñen en marcha no seu seo. No 2020, a acción máis ambiciosa levada a cabo foi a dunha campaña de publicidade "O Rural Vive, Vive o Rural", centrada na visualización da importancia do Leader para o rural e da valorización da labor levada a cabo polos GDRs galegos. A contribución do GDR pasou polas seguintes accións: remisión de información, coordinación final da campaña, colaboración nos sorteos de produtos celebrados no perfil de Facebook da campaña.

- *Celebración de accións de colaboración coas entidades asociadas do GDR*

Coincidindo coa presentación oficial do proxecto "Máis informada, menos vítima", o 25 de novembro, e como ven sendo habitual no marco de colaboración estreita que manteñen as súas entidades, o equipo técnico impartiu unha charla informativa ó alumnado do Ciclo Superior de Marketing e Comercio. A charla versou sobre a labor do Grupo de Desenvolvemento Rural como entidade colaboradora na xestión das axudas do Leader así como no seu papel de dinamizadora territorial, do proceso participativo realizado para a concreción da estratexia de desenvolvemento local e no futuro traballo de planificación do vindeiro período Leader.



RESULTADOS DO PROGRAMA LEADER NO 2020

Presentamos os resultados do que foi o Leader neste ano 2020, o cuarto ano de xestión do programa 2014-2020.

Financiáronse dezaoito proxectos, dos cales sete foron seleccionados na convocatoria anterior e remataron nesta anualidade e once foron novos proxectos seleccionados na convocatoria 2020-2021.

Dos once proxectos financiados nesta convocatoria, sete foron de carácter produtivo e os restantes catro de carácter non produtivo, tres promovidos por entidades públicas locais e un por unha asociación sen ánimo de lucro.

Por outra banda, e no tocante á execución, cabe salientar que o 2020 presenta a cifra máis baixa na historia do GDR, con aproximadamente o 67% dos fondos dispoñibles, en concreto, 311.000 euros pagados a 31 de xaneiro, fronte ós 541.000 dispoñibles. Neste resultado ten influencia e moita, a situación xerada pola COVID19, cunha suspensión dos prazos administrativos durante o confinamento que levou a conceder prórrogas ós proxectos da convocatoria 2019-2020 ata o 2021.

Unha vez certificados os proxectos que teñen prórroga ata marzo ou xuño do 2021, no caso de non haber imprevistos, o nivel de execución de fondos do 2020 acadaría o 95%.

CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DESEÑADA POLO ULLA TAMBRE MANDEO

Obxectivo 1: Mellora da gobernanza local e o incremento da animación social do territorio.

Trátase dun obxectivo transversal do Leader e específico da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo.

Contabiliza as consultas e solicitudes de axuda do Leader, a participación das entidades asociadas nas reunións e eventos do GDR e o número de novas entidades asociadas.

Este ano reduciuse o nivel de cumplimento, posto que a asistencia ás Asembleas e xuntas directivas foi moito menor que en anos anteriores, e non entraron novas entidades como asociadas do GDR. Indicadores:

Non obstante, os bos datos de anos anteriores suplen esta carencia.

Obxectivo 2: Creación de emprego de calidade

Os Obxectivos medibles neste ámbito son:

A creación de 25 postos de traballo de proxectos Leader. Este ano superamos o obxectivo, polo que ten unha consecución superior ó 100% (27,5 empregos).

Contratación de colectivos desfavorecidos igual ou superior a un 30% do total. Este obxectivo está amplamente superado (93% do total).

Contratación de un mínimo de 5 empregados titulados superiores ou con salario superior a media galega para 2014. Neste apartado estamos lonxe do obxectivo, con solo 1 contrato no que se comprometeran a respectar esta circunstancia.

Obxectivo 3: Mellora na transformación e comercialización, así como na imaxe, do leite e derivados lácteos e dos produtos agroalimentarios do territorio con marca propia

Os obxectivos smart neste ámbito son:

O incremento da visibilidade da produción local. Dun obxectivo de 20 novos espazos promocionais. Téñense posto 6 ata o de agora.

Desenvolvemento dunha nova iniciativa de agroturismo ou de turismo industrial agroalimentario. Obxectivo acadado coa incorporación do cultivo de shiitike na pensión Abeiro da Loba.

Iniciativas de envasado con marca propia ou transformación do leite, onde se puxeron en marcha xa 5 proxectos, cando o obxectivo eran 4.

Obxectivo 4. Diversificación do sector agrario local cara outras actividades ou producións distintas do vacún de leite

Neste ámbito os indicadores relaciónanse co fomento de novas producións no sector agrario, diferentes do sector lácteo, a través das axudas Leader e na transferencia de coñecemento á poboación.

Durante o ano 2020 non houbo avances neste obxectivo, posto que apenas se fixeron campañas de difusión e formación. Non obstante, o obxectivo de dar a coñecer novas alternativas a un mínimo de 80.000 persoas xa estaba practicamente acadado no ano anterior.

Obxectivo 5. Mellora na calidade de vida das persoas maiores e/ou da poboación infantil ou contribución á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres

Os obxectivos medibles neste ámbito son:

Que o 30% das beneficiarias Leader sexan mulleres. No eido da igualdade, o Leader 2014-2020 está supoñendo amplas diferencias co periodo anterior, mellorando moito as ratios de emprendemento e representación empresarial feminina. Este cambio, non obstante, deixouse ver con maior intensidade nos primeiros anos do programa que neste 2020, ano no que por primeira vez deixamos de cumprir este obxectivo (23% de inversoras femininas).

Que o 40% das empresas de capital feminino e masculino, teñan como representante a unha muller. En 10 dos 11 proxectos de capital mixto, asina unha muller.

Crear unha iniciativa de mellora da calidade de vida da poboación infantil ou maior. Neste apartado xa se crearon seis proxectos.

Obxectivo 6. Desenvolvemento do sector ambiental na economía local.

Os obxectivos smart neste ámbito son:

Asentamento de polo menos dúas empresas que se dediquen ó sector ambiental. Non hai proxectos neste sector.

Introdución de melloras de eficiencia enerxética ou de redución de contaminantes en, polo menos, seis empresas xa existentes. Neste indicador, puxéronse en marcha iniciativas de mellora ambiental en 10 dos proxectos financiados polo Leader, polo que este item está amplamente superado.

Obxectivo 7. Impulso á innovación.

Obxectivo transversal do Leader e específico da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo. Neste ámbito, os obxectivos smart son:

Creación de dez novas empresas no territorio, das cales, polo menos o 30% supoñan un novo servizo ou produto a nivel municipal. No 2020, máis do 50% dos proxectos produtivos aprobados, supuxeron o nacemento de novas empresas no territorio, o que supón un avance importante neste senso. Ademais, catro das iniciativas supoñen a creación dun servizo ou actividade novidoso a nivel municipal. Co cal hai creadas 12 novas empresas, das cales 7 supuxeron unha produción ou servizo inexistente no municipio.

Visibilización da tecnoloxía e o coñecemento empresarial galego, obxectivo no que ata o momento non houbo ningún avance.

Obxectivo 8. Transformación en produtos turísticos estruturados dos principais elementos patrimoniais.

Creación dun produto turístico arredor dun elemento patrimonial recollido como prioritario na estratexia. Este obxectivo xa foi alcanzado no primeiro ano de Leader, e seguimos avanzando. No 2020 acumulamos un total de 4 proxectos neste ámbito.

Obxectivo 9. Valorización económica de especies forestais galegas a través de usos e explotacións alternativas do monte.

Que 100 persoas do territorio coñezan en profundidade técnicas de explotación forestal e aproveitamento das especies recollidas na estratexia. No 2020 paralizouse a convocatoria anual de formación neste campo, polo que o

obxectivo se mantén a niveis de 2019 (50% de cumprimento).

Asentamento 2 novas empresas relacionadas cos produtos e/ou creación dun mínimo de dous postos de traballo no sector forestal. No 2020 o GDR acada un avance neste obxectivo estratéxico coa posta en marcha dunha nova empresa no sector forestal, centrada nos usos alternativos do monte, con orixe no curso de formación de camelia sinensis e nogueira celebrado o ano anterior. Con esta iniciativa, alcánzase este obxectivo.

Outras áreas importantes complementarias da estratexia de desenvolvemento local.

1. *Mellora da imaxe e da comercialización da produción local do territorio (artesanía, souvenirs ou outros produtos fabrís).* Os obxectivos smart do Ulla Tambre Mandeo pasan por mellorar a visibilidade destes produtos entre a poboación local e as persoas visitantes do territorio, con especial atención ás persoas en peregrinación.

2. *Desenvolvemento ambiental no tecido produtivo e económico local orientado á reutilización ou valorización de residuos nas explotacións agrarias, na actividade industrial ou en calquera outro sector*. Os obxectivos smart con respecto a esta área xiran arredor da implantación de empresas nas que a súa actividade principal sexa o uso de subprodutos para a xeración de enerxía ou de novos produtos, a través da reciclaxe a aproveitamento dos insumos.
3. *Valorización do patrimonio, promoción turística ou da xeración de produtos turísticos ou vivencias para turistas baseados en elementos patrimoniais distintos dos recollidos como prioritarios na estratexia*. Os obxectivos smart neste apartado xiran arredor da mellora da visibilización do territorio e do seu patrimonio entre os visitantes potenciais do mesmo e as persoas que percorren o Camiño de Santiago así como na creación e mellora dos servizos que se ofertan ós peregrinos; incidindo na mellora da atención turística.

No tocante ás áreas importantes da estratexia, non prioritarias, houbo tímidos avances no eido da mellora da imaxe e da comercialización da produción local do territorio e da promoción turística, coa implantación dos novos espazos de comercialización e co esforzo dinamizador do GDR por darlles visibilidade con accións como, entre outras, as recollidas na xestión do Xeodestino.

Non obstante o anterior, podemos falar de éxito nun dos ítems deste último ámbito de actuación, no que se refire á creación e mellora de negocios con servizos orientados ó peregrino, xa que, no que vai de programa asistimos á creación de seis novos negocios de aloxamento no Camiño Norte a nivel local, o cal supera con moito as expectativas do GDR neste ámbito.

Como se pode observar na gráfica, o cumprimento dos obxectivos estratéxicos SMART presenta valores heteroxéneos, consolidándose, un ano máis, un gran avance nalgún dos ámbitos de actuación, incluso superando as expectativas do Grupo, e outros ámbitos nos que a estratexia e traballo do GDR segue amosando tímidos resultados.

No momento de redactar esta memoria está enriba da mesa a preparación dunha convocatoria de axudas a maiores, a 2021-2022; con cambios previstos nas bases regulares que dean cabida a proxectos relacionados coas ferramentas incluídas no proxecto da Lei de recuperación da terra agraria da Xunta de Galicia.

Afrontarase esta nova convocatoria como a última oportunidade para acadar o maior nivel de cumprimento dos obxectivos definidos na EDL do 2016.

E unha vez superada, a avaliación realizada e a análise dos resultados serán a clave para corrixir e orientar as accións futuras, pensando xa na Estratexia de Desenvolvemento Local Leader 2021-2027.



Cadro de indicadores de execución cuantitativos e cualitativos Leader 2020

CADRO DE INDICADORES CUANTITATIVOS MEDIDA 19.2	
Número de iniciativas aprobadas e pagadas	18
Investimento total dos proxectos aprobados	2.216.151,61 €
Importe total das axudas concedidas 2020	506.195,11 €
Porcentaxe de execución	66,55%
PROXECTOS NON PRODUTIVOS	
Número de proxectos non produtivos	7
Investimento total dos proxectos non produtivos	380.268,65 €
Importe total das axudas concedidas proxectos non produtivos	162.410,95 €
Porcentaxe media de axuda	77,74%
Porcentaxe de orzamento dedicado a proxectos non produtivos	32,08%
PROXECTOS PRODUTIVOS	
Número de proxectos produtivos	11
Investimento total dos proxectos produtivos	1.835.882,96 €
Importe total das axudas concedidas proxectos produtivos	343.784,16 €
Porcentaxe media de axuda	30,85%
Porcentaxe de orzamento dedicado a proxectos produtivos	67,92%

OBXECTIVOS GDR LEADER 2014-2020. GRADO DE EXECUCIÓN ANO 4	RESULTADO
1. Gobernanza local e animación social do territorio	
1.1. Número de consultas de subvencionalidade na oficina técnica do GDR	350
1.2. Número de solicitudes Leader na oficina técnica do GDR	118
1.3. Novas entidades adscritas ó GDR	11
2. Crear emprego de calidade	
2.1.Número de UTAs creadas	27,25
2.2. Desas, 5 UTAs cualificadas ou salario superior á media galega	1
2.3. Contratación de colectivos desfavorecidos	25,25
3. Mellora na transformación e comercialización, así como na imaxe, do leite e derivados lácteos e dos produtos agroalimentarios do territorio con marca propia	
3.1. Consolidación de 20 espazos de promoción agroalimentaria local	6
3.2. Desenvolvemento iniciativas de agroturismo, turismo industrial agroalimentario,	1
3.3. Iniciativas de envasado con marca propia ou transformación do leite	5
4. Diversificación do sector agrario local cara outras actividades ou producións distintas do vacún	
4.1. Número de persoas que recibiron información sobre os nosos produtos	74.300
5. Mellorar a calidade de vida de maiores e público infantil e a igualdade entre homes e mulleres	
5.1. Iniciativas de emprendemento feminino	7
5.2. Entidades mixtas coa representante feminina	10
5.3. Proxecto de mellora da calidade de vida infantil ou de persoas maiores	6
6. Desenvolvemento do sector ambiental na economía local	
6.1. Asentamento de empresas do sector ambiental	0
6.2. Introdución de medidas de eficiencia enerxética en empresas	8
7. Impulso á innovación	
7.1. Novas empresas	12
7.2. Novos servizos ou produtos a nivel municipal	7
7.3. Visibilizar a tecnoloxía e coñecemento empresarial galego	0
8. Transformación en produtos turísticos estruturados dos principais elementos patrimoniais	
8.1. Produtos turísticos estruturados	4
9. Valorización económica de especies forestais galegas a través de usos e explotacións alternativas	
9.1. Persoas ás que se lles deu info sobre usos alternativos das especies forestais	50
9.2. Novas empresas relacionadas con usos alternativos forestais	2
9.3 Información a CVMC	0
9.4 creación de empregos no sector forestal	0

Dossier de prensa

La Voz de Galicia

Analizan el potencial turístico de las tierras del Ulla y el Tambre

16/12/2020 04:55 H

El GDR Ulla Tambre Mandeo organizará el martes día 22 una feria sobre el potencial turístico del interior, centrándose en la riqueza paisajística y cultural de las tierras que recorren el Ulla y el Tambre. La jornada, que se desarrollará entre las 10.00 y las 14.15 horas, estará conducida por el periodista Cristóbal Ramírez y también intervendrán expertos. Puede participar cualquier persona, pero es necesario inscribirse previamente. Hoy es el último día de plazo y puede hacerse a través de un enlace en la página de Facebook del GDR Ulla Tambre Mandeo.

---

oCorreo de Ordes-Arzúa

Traballo pola Igualdade de xénero dende o grupo Ulla Tambre Mandeo

O GDR desenvolven 3 accións para evitar a violencia machista cos CIM e Efa Piñeiral

Edificio que alberga o centro de formación Efa Piñeiral, en Arzúa

O Pino. O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo ten a loita pola Igualdade de xénero como un dos seus obxectivos transversais. Por segundo ano consecutivo a Secretaría Xeral de Igualdade conta cos GDR para combater a violencia sexista, de modo que o grupo Ulla Tambre Mandeo recibiu un presuposto de 8.500 euros que destinou a tres accións diferenciadas, en colaboración cos Centros de Información á Muller (CIM) de Arzúa, Melide, Touro E Vilasantar, e o centro EFA Piñeiral (en Arzúa). Este último organizou a proposta participativa chamada 'Lingua Denuncia', que consistiu na busca de frases machistas, que logo o alumnado plasmou nunha camiseta para reivindicar que deben desaparecer.

A segunda actuacion púxose en marcha entre os CIM da zona. Entre todos deseñaron viñetas explicativas sobre situacións cotiás que se dan nos inicios do círculo da violencia. Todas elas colocáranse en sitios estratéxicos de cada concello.

Por último, o GDR ubicou información básica sobre teléfonos de axuda e recursos gratuítos dispoñibles en todas as farmacias dos nove municipios para axudar ás mulleres do rural. A.P.

La Voz de Galicia

Ríos

CRISTÓBAL RAMÍREZ
21/12/2020 05:00 H

No será por falta de ríos por la comarca adelante y por toda Galicia en general. Pero han sido los olvidados, los que siempre estaban ahí y nadie les hacía caso, los que no llenaban la retina como las montañas, que aunque fueran bajas siempre atrajeron a los compostelanos: Pico Sacro, O Pedroso, los montes de Urdilde, Agrela... Los ríos discurrían humildes. Por no tener, no han tenido ni siquiera una gran novela como los ingleses, que con la inolvidable Tres hombres y una barca, de Jerome K. Jerome (un millón de ejemplares vendidos entre finales del siglo XIX y principios del XX; por cierto, muy mala traducción la que se puede comprar ahora en España) encumbraron al Támesis a la categoría de mito. Nos falta el gran recorrido por las riberas como en el caso del fantástico Ouse, de nuevo en Inglaterra, pero ya existen pequeños itinerarios que animan al paseo (y la buena excepción de Guitiriz).

De forma que va siendo la hora de su rescate para el imaginario colectivo, aprovechando que cada vez es más difícil que algún bárbaro descargue en ellos purines, por ejemplo. Y así, en la comarca hay una iniciativa en marcha a la cual el autor de estas líneas no es ajeno, aunque sea de una manera muy concreta. Así, desde ahora cuenta con una doble guía centrada en el Tambre y en el Ulla. El mérito es del GDR Ulla Tambre Mandeo, presidido en estos momentos por el muy popular Manuel Taboada, alcalde de O Pino.

De manera que mañana entre las 10 y las 2 de la tarde vamos a debatir sobre todo eso. En streaming, qué remedio. Porque los ríos también importan. Son nuestros. Recuerden aquello de «nuestras vidas son los ríos que van a dar al mar»... En esas estamos. Y por muchos años.

Dossier de prensa

La Voz de Galicia

CRISTÓBAL RAMÍREZ
09/11/2020 05:00 H

La comarca está emitiendo signos de vitalidad, a pesar de todo. El problema surgiría si un alcalde tirase la toalla, y este no parece ser el caso del veterano Manolo Taboada, máxima autoridad local de O Pino, que al frente de los de su zona se niega a rendir armas y bagajes y ya prepara la próxima temporada.

Lo hace con el diseño de una ruta por su municipio y los colindantes. Una ruta larga, de poco más de 70 kilómetros, y que desde luego no está pensada para ir andando, sino en coche. Y, cierto, para los más osados que se atrevan a subirse a una bicicleta. La recomendación es disponer de dos jornadas con el fin de poder apreciar pausadamente todo el arte que queda unido precisamente por ese itinerario.

Y arte tiene esa zona para dar y tomar, pero hasta ahora sufría el mal de siempre: estaba todo disperso y el visitante acababa volviéndose medio loco de dar vueltas y revueltas para ir aquí y allá. Lo que aporta esta ruta es acabar con el mareo de ir y volver.

Todo eso lo van a promocionar el 26 de este mes con un debate -telemático, qué remedio- al que intentan que se sume cuanta más gente mejor. No solo por exponer su proyecto, sino para también aprender: está confirmada la presencia de personalidades portuguesas relacionadas con el turismo. ¿Qué les une? Los ríos: Tambre, Ulla y Miño. Algo que lleva ahí millones de años y que se convierte hoy, por obra y gracia de la pandemia, en un hilo conductor de iniciativas.

Desde luego, la idea es original. Quizás las haya mejores, y ojalá que vayan saliendo. Pero por ahora los concellos del este de la comarca compostelana, con O Pino a la cabeza, se apuntan un tanto. Y eso solo puede merecer el aplauso de cualquier bien nacido.

La Voz de Galicia

NATALIA NOGUEROL
MELIDE / LA VOZ 01/07/2020 05:05 H

El monte gallego tiene múltiples usos, alternativos a los más comunes que ponen de relieve toda su riqueza y potencial sin explotar. Hay, eso sí, que conocerlos, y, sobre todo, tener la voluntad de apostar por ellos, aunque su rentabilidad no sea tan inmediata como el de las plantaciones más comunes. Con esa filosofía se embarcará Begoña López en una plantación de camelias sinensis y de nogales para la producción en ecológico de, respectivamente, té blanco y té verde, y nueces. Tras asistir a sendos cursos organizados por el Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo que resultaron ser «un descubrimiento», esta abogada y gestora de oficio se animó a impulsar la iniciativa, bajo, apunta López, «una máxima que tenemos en casa: eucaliptos, no».

Los trabajos arrancarán en otoño

Además de ser una especie invasora, la finca en la que desarrollará las plantaciones -una propiedad de 2.192 metros cuadrados en A Balada- se encuentra relativamente cerca de la viviendas de ese núcleo de población de Visantoña, en Santiso.

El confinamiento asociado al estado de alarma por la pandemia paralizó en marzo el inicio de la plantación, que realizará, transcurrido el verano, una empresa especializada de esa parroquia del municipio. Los trabajos darán comienzo, así, en otoño, que será cuando «bajen las temperaturas y el terreno tenga garantizada la humedad», indica Begoña López. Se plantarán más de doscientas camelias sinensis y medio centenar de nogales de tres especies distintas «para que se polinicen unos a otros», explica.

La plantación se dispondrá de tal manera que los nogales «le proporcionarán a las camelias la sombra que necesitan», añade la promotora de esta plantación, que, por otro lado, subraya la propiedad que tiene la planta del té «como barrera para evitar la propagación del fuego».

Begoña López confía en obtener la primera producción de té en dos-tres años, y en cuatro-cinco, la de nueces. «Todo depende de cómo esté la planta en el vivero», indica. Las adquirirá en la estación fitopatológica de Areeiro, en Pontevedra.

El proyecto es uno de los ocho subvencionados por el GDR

La plantación de camelias sinensis y de nogales que promoverá en Santiso Begoña López es uno de los ocho proyectos para los que el Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo aprobó, esta semana, financiación, procedente de los fondos europeos Leader. La entidad apoyará la iniciativa con una subvención que cubrirá cerca del 42 por ciento de la inversión prevista, que asciende a 10.200 euros. Además de la limpieza de la finca, que ya hubo que desbrozar en dos ocasiones, de la adquisición de las plantas, y de los trabajos de plantación, la propiedad se dotará, en su zona más alta, de dos depósitos de agua y de un sistema de riego por goteo. Desde el GDR respaldan el proyecto toda vez que, apuntan, «un dos nosos obxectivos estratéxicos é diversificar a produción no monte».

Dossier de prensa

elCorreoGallego.es

Unha guía do Grupo Ulla Tambre y Mandeo recolle a fauna e flora da zona

O volume facilita a identificación e observación das especies en campo e aglutina curiosidades e costumes

(GDR)

Guía de flora y fauna, usos y costumbres é o nome do volume que acaba de presentar a Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla, Tambre y Mandeo. Trátase dunha guía que sae á luz para dar a coñecer o patrimonio natural, etnográfico e cultural do territorio e que chega tras un arduo traballo de investigación e recompilación por parte dun grupo multidisciplinar de persoas do ámbito académico e ambiental. Non faltan tampouco os coñecementos dun gran número de veciños da zona.

A Xunta Directiva do GDR describe este traballo como "pionero y original, con un alto grado de innovación" cuxo obxectivo é "contribuir al conocimiento y protección de los ecosistemas que describe, fomentando el respeto por la naturaleza y la biodiversidad", sinalan. Asemade os promotores aseguran que non é só un manual que facilite a identificación e observación das especies en campo, senón que ademais "recoge curiosidades, usos y costumbres de la zona. Al mismo tiempo, describe el rol que desempeñan en los ecosistemas las especies más abundantes y endémicas de la ribera de estos tres ríos, a su paso por los municipios de Arzúa, Boimorto, O Pino, Melide, Toques, Touro, Santiso, Sobrado y Vilasantar".

A guía pon en valor especies protexidas como a Santolina Melidense ou as aves e algas da Laguna de Sobrado.

bet365 Xoga de forma responsable 18+

Entregarase nos colexios

□□□ Entre o traballo de recompilación de usos e costumes atópanse as explicacións de Abade de Anunqueira, un veciño de Sobrado dos Monxes con grandes coñecementos en remedios naturais. En concreto, a guía recolle o tratamento que empregaba para tratar roturas de patas ou esguinces de gando vacún utilizando a "bisma", un entalle de madeira de sauce, disposto arredor do membro afectado.

□□□ Daniel Monteagudo, educador ambiental e socio fundador de Ecotono Educación Ambiental é o encargado de presentar este volume en espazos naturais, simultáneamente á observación dos ecosistemas. Daniel apunta que "é unha guía moi útil para coñecer a fauna, flora e os lugares con máis interese natural do GDR. Con ela pódese identificar as especies que observas en calquera paseo á beira dun río ou facendo unha ruta". Nos próximos días entregaranas nos colexios da contorna.

La Voz de Galicia

El encuentro gallego de mujeres rurales reúne en Melide a 600 personas

Las asistentes procedían de diferentes puntos de Galicia

Unas seiscientas personas se reunieron, el domingo, en el recinto ferial de Melide para celebrar el encuentro gallego de mujeres rurales, que, por segundo año consecutivo, organizó en la localidad la asociación Alecrín, que es el colectivo de mujeres rurales de la comarca melidense. Los asistentes a la cita -en su inmensa mayoría, mujeres- procedían de diversos puntos de la comunidad, donde hay asociaciones que, al igual que Alecrín, centran sus esfuerzos en darle visibilidad a la mujer que reside fuera de entornos urbanos, a la vez que en organizar actividades para aprovechar el tiempo libre y de ocio.

La figura de la mujer en el rural la reconoce Alecrín no solo con la programación que desarrolla durante todo el año, incluía la propia jornada de confraternización de este domingo. En el transcurso del encuentro, la asociación melidense que preside Aurora Fernández distinguió la trayectoria y la labor que en apoyo a la mujer desarrollan en diferentes colectivos y entidades.

elCorreoGallego.es

Premia Alecrín Asociación de Mulleres rurais o labor do equipo técnico do GDR

MELIDE Con motivo da conmemoración do 8-M Alecrín Asociación de Mulleres rurais da Comarca de Melide celebrou un acto a fin de semana ao que acudiron máis de 500 persoas e no que estiveron representadas asociacións de todo Galicia, principalmente de mulleres. Nesta segunda edición do evento polo Día da Muller dende a entidade decidiron entregar un galardón ao equipo técnico do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) polo seu labor no asesoramento empresarial e asociativo e por contribuír á mellora da gobernanza local. En palabras da presidenta, Aurora Fernández "ás Marías, que están sempre axudando". Alecrín naceu no 2015 e conta xa con máis de 400 asociados. Forma parte do GDR dende o 2019, e é unha das 68 entidades que conforman o Grupo (os nove concellos da comarca de Melide, de Arzúa e Vilasantar) e as principais asociacións do territorio: empresariais, sectoriais, veciñais, de mulleres, ambientais, deportivas, culturais, educativas, etc. Dentro do territorio do GDR entregáronse tamén merecementos á Asociación de Amas de Casa Catasol e ao centro Efa Piñeiral de Arzúa.

elCorreoGallego.es

Cabañas de madera en O Pino para el desarrollo del rural

(Vila sen vento)

Esta iniciativa cuenta con financiación europea // Sus impulsores prevén ampliar el número de unidades ante la gran demanda que registran // Son cinco y están pensando en hacer una sexta entre árboles

Instalar pequeñas cabañas de madera en medio de un frondoso jardín, rodeadas de bosque y el más absoluto silencio. Ésa fue la idea de la familia de Javier Súarez-Vence, poseedores de una finca en la parroquia de O Pino, en el Concello de su mismo nombre. Aunque en principio su idea era construir en ella su propia residencia, un par de décadas después ese

germen ha derivado en un importante complejo turístico donde podemos encontrar desde una gran piscina rodeada de cuidada y variada vegetación hasta una pista de pádel, pasando por un ecoparque, cama elástica, porterías o un huerto ecológico.

La última incorporación al complejo, conformado por tres villas, han sido cinco cabañas de madera a modo de alojamientos privados e independientes, dotados de todas las comodidades. Un proyecto que ha sido financiado por el GDR Ulla Tambre Mandeo, con sede en Arca, dentro del programa Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. La aportación les ha permitido poner en marcha esta idea que surgió tras ver una idea parecida en otro enclave gallego.

-25 % + -25 %

-25 % al momento y -25 % en tu próximo pedido: crea un envase único

Las cinco cabañas llevan nombres de árboles o plantas del propio jardín de la casa, como Cabaña de las Azaleas o Cabaña de los Carballos. Todas han sido diseñadas buscando que causen el mínimo impacto visual posible, construidas con madera de pino y camufladas entre la densa arboleda. Cada una se distribuye en habitación, baño, una pequeña zona de cocina y una sala de estar, además de un jacuzzi y chimenea. Están decoradas con absoluto mimo gracias a la experiencia en decoración que posee la familia, inmersa previamente en negocios de este sector. Todas las cabañas de madera se ubican en el gran jardín del enclave. Se

Trátase así dunha completa e elaborada guía que persegue a finalidade de “dar a coñecer o patrimonio natural, etnográfico e cultural do territorio”; ou o que é o mesmo, “facilitar a identificación e observación en campo” e “coñecer os costumes, curiosidades e rol que desempeñan no ecosistema as especies máis abondosas e comúns ás beiras dos ríos galegos; así como aquelas especies endémicas da ribeira dos ríos Mandeo, Tambre e Ulla ao seu paso polos concellos de Arzúa, Boimorto, O Pino, Melide, Toques, Touro, Santiso, Sobrado dos Monxes e Vilasantar”.

O exemplar, do que se editaron unhas 3.000 unidades, foi presentado pola xunta directiva do GDR e está a ser distribuído nos diferentes Concellos, asociacións e centros educativos entre outras entidades.

> “Só para buscar a Santolina Melidense tivemos que esperar a que chegase o mes no que florece, e despois aínda fomos polo Careón bucándoa. Non vexas o que nos custou atopala”

Un traballo afanoso

Para coñecer a realidade, o estudo da zona comezou hai xa tres anos cun traballo moi laborioso. “Imaxina se foi laborioso –destacou a xerente do GDR– que só para buscar a Santolina Melidense tivemos que esperar a que chegase o mes no que florece, porque é unha flor que desaparece, e despois aínda fomos polo Careón buscándoa, e non vexas o que nos custou atopala. Logo Tamara por exemplo, –unha das autoras da guía– tamén foi por todos os concellos facendo reunións con menciñeiros e persoas que sabían dos usos das plantas como remedios naturais, visitou todos os enclaves principais dos municipios como pode ser a lagoa de Sobrado, o Careón, o Ulla, o Tambre... e todo iso antes de poñerse a escribir, así que si, investimos moito tempo e traballo na súa elaboración”.

Nestes senso, dende a xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural destacaron que se trata dun traballo “pioneiro e orixinal, cun alto grao de innovación, que ten tamén como obxectivo contribuír ao coñecemento e protección dos ecosistemas que describe, fomentando o respecto pola natureza e a biodiversidade”.

Neste proxecto de investigación e recompilación traballou “un grupo multidisciplinar de persoas do ámbito académico e ambiental, que tamén contou coa participación dun gran número de persoas da zona que coñecen o entorno e as tradicións”.

Destacan así por exemplo as explicacións de “Abade de Anunqueira”, un veciño de Sobrado con grandes coñecementos en remedios naturais, e que tal e como se recolle na guía trataba “roturas de patas ou esguinces de gando vacún utilizando a “bisma”, un entalle de madeira de salgueiro disposto ao redor do membro afectado”; ou tamén o uso tradicional que se fai do fento real para as inflamacións, “moi estendido na zona dos ríos Ulla e Furelos”.

Ademais, a obra pon en valor especies protexidas como a Santolina Melidense, única na zona do Careón, Rede Natura; ou as aves e algas que se atopan en espazos como a lagoa de Sobrado, Reserva da Biosfera.

Tamara Isabel, unha das autoras da guía, destacou que “estes municipios posúen un patrimonio histórico, cultural e natural dos máis ricos da comunidade, o que representa unha oportunidade clara para a aprendizaxe e a experimentación”.

Pola súa banda, Daniel Monteagudo, educador ambiental e encargado de presentar a guía en espazos naturais (simultaneamente á observación dos ecosistemas) apuntou que “é unha guía moi útil para coñecer a fauna, flora e os lugares con máis interese natural do GDR; con ela pódese identificar as especies que observas en calquera paseo á beira dun río ou facendo unha ruta, coñecer as súas curiosidades e os seus usos tradicionais”.

Promoción dos recursos para revitalizar o rural

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo é unha agrupación sen ánimo de lucro composta por outras asociacións e onde están representadas aproximadamente 80 entidades: 9 públicas (que son os Concellos de Melide, Santiso, Toques, Sobrado, Arzúa, Touro, O Pino, Boimorto e Vilasantar), e diferentes cooperativas, SATs e asociacións tamén sen ánimo de lucro. “Cada cinco anos fanse eleccións e sae unha xunta directiva de 21 persoas, e entre esas 21 tómanse as decisións máis estratéxicas”, explicou a xerente do GDR. Asetem-CCA formou parte da entidade ata o ano 2019.

Entre algúns dos proxectos máis destacados que foron subvencionados por parte do GDR, María Fernández lembrou “o dun rapaz que veu de Pontevedra e desenvolveu unha pensión albergue en Sobrado, ademais de ter unha produción de shiitake, e para esa produción saca os troncos do propio bosque onde está a casa; é dicir, é un proxecto que cumpre cos requisitos de utilizar os recursos que ten a man, diversificar e ademais ser unha persoa moza que vén de fóra para asentarse aquí, que finalmente é o que buscamos no GDR”.

Durante os vindeiros meses, dende o GDR teñen previsto seguir co traballo de difusión do patrimonio natural. “Este ano queremos enfocarnos na promoción turística do xeodestino –resaltou María Fernández–, que é algo polo que se está apostando, e que para nós é moi importante porque temos o Camiño de Santiago con milleiros de turistas que pasan por aquí, pero que non saben moi ben onde están nin por onde pasan, e queremos que coñezan o territorio e sobre todo que volvan”.

Cerne

Cerne 172. Xuño 2020 Comarca 19

A casa do maior en Santiso tamén está á espera de poder reabrir

É o colectivo que máis acusou a pandemia do Covid-19, o dos maiores, e agora na desescalada co previsi... apertura dos cen... mén.

Na mesma sit... están os centr... panse as casas d... a de Santiso, q... coas portas pech... der dar servizo; ... que prexudica d... súas usuarias, t... plica a responsa... Esther Sánchez.

"O confinam... experiencia m... elas, xa o foi p... imaxínate para ... dí–, que de gol... rrompidas as s... actividades qu... día".

E é que se... Esther, a falta ... diarios, sobre t... lectivo, non fav... úde, nin física, n... rutinas son moi ... é unha ansia q... non teñen ilusió... se distraen con ... tuación acábase... dura; precisan ... cer a súa ximna... mento, activida... e escritura, e to... aparcado con es...

Con todo, a... de cara a unha ... tura non son... Dende o Gober... comunicaron po...

Lixeiro descenso do paro

O paro na comarca descendeu lixeiramente ao remate do mes de maio. Así, na Terra de Melide hai 6 persoas desempregadas menos con Santiso 79 (unha persoa menos), en Sobrado 67 (único municipio no que se incrementa a cifra cunha persoa desempregada máis), e en

Campaña nas redes sociais para promover os territorios do GDR

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo puxo en marcha a iniciativa Camiños de Auga; unha campaña coa que pretenden poñer en valor o interior de Galicia, especialmente os territorios que integran o GDR e entre os que se atopan municipios como os de Melide, Santiso e Toques.

Segundo anunciaron, trátase de "poñer en valor os recursos paisaxísticos, patrimoniais e gastronómicos do territorio, facendo énfase no turismo rural e de natureza" a través das redes sociais.

A campaña, que comezou o 8 de xuño, terá unha duración de dous meses e está dirixida a persoas "con interese por gozar dunhas vacacións na natureza, nun entorno seguro, sen aglomeracións, e nun territorio no que os Camiños de Santiago e os ríos Ulla, Tambre e Mandeo ofrecen unhas paraxes moi atractivas para gozar coa familia, cos amigos ou en solitario".

Deste xeito, orientarase a persoas "residentes en Galicia e no norte de Portugal, de 20 a 70 anos", sexa en familia ou non, "interesadas no turismo rural, sendeirismo, cicloturismo, cámping, caravaning, gastronomía, turismo de natureza e patrimonio relixioso".

Co nome de Camiños de Auga quíxose "identificar o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo, porque recolle os aspectos máis significativos do mesmo; por un lado, os Camiños de Santiago como evocador do contacto coa natureza; e, polo outro, a auga como símbolo da riqueza que aportan os tres ríos que bañan o territorio e que ofrecen uns recursos alternativos á costa, nos que a seguridade nesta época de pandemia pola Covid-19 é unha garantía para poder gozar dunhas vacacións en contacto coa natureza e descubrir paraxes e vivir experiencias que resultarán inesquecibles".

Camp... prom...

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo puxo en marcha a iniciativa Camiños de Auga; unha campaña coa que pretenden poñer en valor o interior de Galicia, especialmente os territorios que integran o GDR e entre os que se atopan municipios como os de Melide, Santiso e Toques.

Segundo anunciaron, trátase de "poñer en valor os recursos paisaxísticos, patrimoniais e gastronómicos do territorio, facendo énfase no turismo rural e de natureza" a través das redes sociais.

A campaña, que comezou o 8 de xuño, terá unha duración de dous meses e está dirixida a persoas "con interese por gozar dunhas vacacións na natureza, nun entorno seguro, sen aglomeracións, e nun territorio no que os Camiños de Santiago e os ríos Ulla, Tambre e Mandeo ofrecen unhas paraxes moi atractivas para gozar coa familia, cos amigos ou en solitario".

Deste xeito, orientarase a persoas "residentes en Galicia e no norte de Portugal, de 20 a 70 anos", sexa en familia ou non, "interesadas no turismo rural, sendeirismo, cicloturismo, cámping, caravaning, gastronomía, turismo de natureza e patrimonio relixioso".

Co nome de Camiños de Auga quíxose "identificar o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo, porque recolle os aspectos máis significativos do mesmo; por un lado, os Camiños de Santiago como evocador do contacto coa natureza; e, polo outro, a auga como símbolo da riqueza que aportan os tres ríos que bañan o territorio e que ofrecen uns recursos alternativos á costa, nos que a seguridade nesta época de pandemia pola Covid-19 é unha garantía para poder gozar dunhas vacacións en contacto coa natureza e descubrir paraxes e vivir experiencias que resultarán inesquecibles".

Tala forestal e recollida de lixo

A través dun Bando o Concello de Toques informou que "os titulares de parcelas que vendan madeira terán a obriga de solicitar do comprador o correspondente permiso municipal e xustificante da fianza para, de ser o caso, responder dos danos que se poidan ocasionar con motivo dos traballos de corta e saca".

Esta obriga vén motivada ante o incumprimento sistemático da correspondente ordenanza municipal pois, segundo recolle o Bando, as empresas fan caso omiso das advertencias sobre esta norma.

Noutro Bando, dende o Concello de Toques lembran aos veciños que ata que se organice "unha nova recollida de enseres e electrodomésticos en desuso (posiblemente no último trimestre do ano), aqueles que teñan a necesidade de que se recollan con urxencia poden avisar no Concello para pasar a retiralos" (981 50 58 26).

O obxectivo, evitar que se tire o lixo en calquera lugar e se produzan vertedoiros incontrolados.

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 173. Xullo 2020. Distribución gratuíta

Dúas iniciativas buscan potenciar o rural en Santiso

Un complexo gastronómico e unha finca reconvertida nunha plantación de camelias e nogueiras, proxectos subvencionados polo GDR para potenciar o rural. P17

EMPRESA
Entrevistamos ao concelleiro de Comercio de Melide, Xos Igrexas P8

COMARCA
O Plan Único da Deputación suporá un investimento de case 900.00 euros na comarca P14

LECER
Cine, música e espectáculos en familia para o Verán Cultural de Melide P20

ENTREVISTA

Adela Varela Vázquez, *Carnicería Cardelle* P23

...ión do
...e Asetem

...s buscan
...l en Santiso

Foto: Turismo Melide

Preguntamos aos comerciantes asociados a Asetem que opinión lle merece o traslado do mercado dos domingos do centro de Melide debido ao Covid. P13

Un complexo gastronómico e unha finca reconvertida nunha plantación de camelias e nogueiras, proxectos subvencionados polo GDR para potenciar o rural. P17

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Cerne
O xornal da Terra de Melide

Unha plantación de nogueiras e camelias para producir té, e **un complexo turístico, gastronómico e cultural** entre os proxectos subvencionados polo GDR en Santiso

Investir... e innovar no rural

Curso sobre camelias e nogueiras do GDR ao que asistiu Begoña López; e lugar onde se situará o futuro complexo gastronómico, cultural e turístico de Ana Mouriño en Beigondo (Fotos: GDR e G.M.)

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) – Ulla Tambre Mandeo, do que forman parte os Concellos da comarca da Terra de Melide, aprobou oito axudas á inversión no medio rural que suporán algo máis de 900.000 euros.

No caso concreto da comarca as achegas son diversas. Así por exemplo, coa finalidade de mellorar a súa produtividade destaca a que vai dirixida a Espomasa de Poliuretanos S.L. de Toques, "que adquirirá unha máquina que mellorará o proceso de fabricación, facéndoo máis rápido e eficiente"; ou a destinada en Melide a "un mozo que leva anos traballando como carpinteiro e que decidiu, ao xubilarse o seu xefe, montar o seu propio servizo de carpintería, e para o que solicita unha pequena axuda para as inversións iniciais".

Máis, a novidade este ano vén da man de dous proxectos orientados á creación de novas empresas ou actividades, ambos no municipio de Santiso.

Nun deles, consistente no "uso alternativo do monte", a súa promotora, Begoña López, cultivará nogueiras e camelias para a elaboración de té "nunha finca que ata o momento estaba plantada a eucaliptos". No outro caso, a súa responsable, Ana Mouriño, creará "un servizo de catering con servizos complementarios de ocio para turistas e locais ao pé do encoro de Portodemouros no río Ulla; concretamente no lugar de Beigondo onde ten parada o único ferri de augas interiores de Galicia".

Plantación para a produción de té

"O obxectivo final desta idea non é que sexa un medio de vida, senón un modo de vida"; así define o seu proxecto Begoña López. Foi despois de comprar unha finca de 2.192 metros cadrados que "estaba completamente a monte, con eucaliptos e de todo", e despois de facer un curso do GDR sobre camelias e nogueiras cando se decidiu a apostar por este proxecto.

"O curso pareceume do máis interesante, a min xa sempre me gustou o té, pero non sabía todo o que había detrás; e tendo a finca pensei en realizar este tipo de plantación porque coas condicións de clima que hai en Galicia podería dar perfectamente, e ademais reúnense tamén as condicións para realizar un cultivo totalmente ecolóxico", explica.

Deste xeito, as camelias sinensis e as nogueiras substituirán ao eucalipto. "Non vou plantar eucalipto, iso de ningunha maneira, porque do monte tamén se pode facer outro tipo de uso e iso é o que quero, un uso alternativo do mesmo", explica, "ademais, con este proxecto quero ensinarlle ás miñas fillas que é necesario coidar o que temos, que vexan que neste mundo non todo é Internet, senón o que nos rodea e a necesidade de coidalo. É algo que saquei en claro do confinamento".

A simbiose entre nogueira e camelia é perfecta para a produción de té, de aí que Begoña optase pola plantación de tres especies distintas de nogueiras e logo camelias sinensis; todo cun sistema para regar que aproveite a auga da chuvia.

Unha vez realizada a plantación, a previsión é que en tres anos aproximadamente estea lista a primeira produción de folla de té. Logo, tras esta primeira recolección, xa podería facerse unha cada 15 días.

Un complexo turístico, gastronómico e cultural

É unha veterana no coñecemento do sector turístico, sobre todo no ámbito do turismo rural, e conta tamén con formación en cociña. E foi precisamente iso, sumado á falla dunha oferta gastronómica e turística concreta, o que animou a Ana Mouriño a embarcarse neste proxecto.

"Detectei unha carencia con respecto aos turistas, e tamén á xente local, en canto á oferta gastronómica, sobre todo en Beigondo, que é onde se situará este proxecto", explica Ana. "Vas facer sendeirismo, pasear, montar a cabalo, e mesmo as persoas que están aloxadas nas casas de turismo rural, non teñen onde parar a comer, por iso pensei nun servizo de catering que ao mesmo tempo contará cunha parte cultural e outra turística", engade.

O Remanso de Cosme, que así se chama o proxecto, englobará polo tanto un complexo turístico, gastronómico e cultural con varios obxectivos definidos. Así por exemplo, "no ámbito gastronómico daremos atención á falta actual de servizos para as casas de turismo rural existentes na parroquia de Beigondo cun servizo de catering baseado na gastronomía local e utilizando produtos locais e ecolóxicos –sinala Ana–, e non só aos turistas porque a idea é que o servizo de catering tamén poida ser utilizado polas persoas maiores do rural", di.

Neste sentido, destaca o feito de que se potenciarán os produtos galegos como "o queixo Arzúa-Ulloa, os melindres, froitos, cogomelos, licores, te, aceite, mel; e de produción local dando prioridade aos produtos de temporada e ecolóxicos que serán cultivados nunha horta ecolóxica que faremos na mesma parcela na que se construirá a cociña do complexo".

Xa na parte turística ofertaranse servizos como "aparcamento e lavado de bicicletas; gardado, alimentación e limpeza dos cabalos que estean realizando rutas; fomento do Sendeiro da Beseña e da pesca deportiva no encoro de Portodemouros; así como un servizo de información para as persoas que estean facendo o Camiño de Santiago".

Finalmente, no ámbito cultural Ana destaca como obxectivo "mellorar a calidade de vida das persoas maiores e dos nenos coa creación dun espazo que favoreza a interxeneración e actividades culturais como concertos musicais, cine-club, exposicións temporais de pintura e escultura sobre todo de autoras galegas, e un parque infantil inexistente na parroquia para o disfrute dos cativos da mesma e dos visitantes".

O orzamento total estimado para este proxecto é de algo máis de 195.000 euros, mentres que a parte subvencionada polo GDR ascende a 70.865 euros. Pola súa banda, a previsión é que se creen arredor de tres postos de emprego para un complexo que "deberá estar rematado a finais de 2021".

"É certo que cando empezas sempre tes algunha dúbida, pero creo que é unha boa oportunidade, incluso con todo isto do coronavirus, porque o turismo que busca a xente é o alleo ás masificacións e en contacto coa natureza. As perspectivas creo que son boas porque ademais esta oferta en concreto non existe actualmente", conclúe a súa promotora.

Achegas de carácter social

Xunto ás achegas aprobadas para a inversión no rural, o GDR tamén aprobou dúas axudas de carácter social entre as que figura a destinada á asociación de mulleres rurais Alecrín de Melide "para a recompilación de cancións e lendas populares". A inversión total para este proxecto é de 15.000 euros dos que o GDR subvencionará o 55%.

Cerne
O xornal da Terra de Melide

Un proxecto permitirá a detección temperá do covid na depuradora de Melide

Un proxecto conxunto entre a Xunta, a Universidade de Vigo e o CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas), permitirá rastrexar o virus do Covid-19 en varias depuradoras de augas residuais de Galicia, entre elas a de Melide.

A novidade deste proxecto é a análise e detección do virus SARS-CoV-2 mediante técnicas avanzadas para establecer a presenza de virus a través de feces, augas residuais e bioindicadores mariños.

Así, para a detección do Covid-19 e a carga viral, realizarase a toma de mostras n entorno do vertido final (rí ou mar), con especial atenció á detección do virus en espe cies como o mexillón. Tamé se farán mostras nestes ani mais (de batea ou roca) que s atopen próximos ás saídas da depuradoras.

Os resultados dos traballo proporcionarán información sobre cal é o estado da pandemia, permitindo unha detección prematura de posibles rebrotes que, ademais, contribuirá a determinar a evolución da pandemia en Galicia.

Estas tarefas de investigación conxunta, na que agora se incluirá a depuradora de Melide, comezaron no mes de maio nas instalacións de Cambados, Nigrán e Baiona. Ata o de agora, nestas depuradoras tomáronse un total de 168 mostras entre os meses de maio e

Preto de 37 reforma ín

O Concello de Melide investir 366.562 euros, procedentes d Plan Único da Deputación d Coruña, na reurbanización posta en valor da rúa Camiñ Real.

As obras, financiadas integra mente cos fondos adicionais d Plan Único (POS+2019) supo rán unha importante mellor estética, unha renovación do servizos e unha aposta pola hu manización dunha zona qu forma parte do viario tradicio nal de Melide e do Camiño d Santiago, xa que precisament na localidade confúen as ruta do Camiño do Norte e o Ca miño Francés.

O alumnado do IES poderá preparar de balde as probas de certificación da EOI

O IES de Melide, xunto a outros 31 centros públicos de toda Galicia, participará no programa CUALE o vindeiro curso 2020/2021. Así, a través desta iniciativa os alumnos e alumnas do IES de Melide poderán preparar de balde as probas de certificación da Escola Oficial de Idiomas. No caso de Melide as modalidades son A1, A2, B1 e B2 de inglés.

Melide amplía os servizos dixitais do Concello cunha achega de fondos Leader

A xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo vén de seleccionar os proxectos promovidos por entidades públicas locais que serán beneficiarios dunha achega Leader na convocatoria 2020-2021, e entre os que se atopa a posta en marcha do Portal do Cidadán e da App correspondente no Concello de Melide.

"Con este novo servizo dixital –explicaron dende o GDR–, o Concello ampliará o catálogo de recursos e servizos en liña posto a disposición da cidadanía local e dos visitantes do Concello de Melide, mellorando o acceso e promovendo o uso das novas tecnoloxías no rural".

O investimento total para este proxecto ascende a 18.000 euros; mentres que a achega do Leader será de 10.000 euros aproximadamente.

Achega da Deputación da Coruña para o Servizo de Normalización Lingüística

Melide será un dos concellos, máis de corenta en toda a provincia da Coruña, que se beneficiará da liña de apoio á creación e mantemento dos servizos de normalización lingüística; unha liña á que a Deputación da Coruña destinou case 460.000 euros. No caso concreto de Melide a achega será de 15.000 euros, o máximo por servizo.

A responsable da área de Normalización Lingüística da Deputación, María Muíño, defendeu o compromiso da institución provincial co galego e a necesidade de fomentar o seu uso desde as institucións. "Os concellos son as administracións máis próximas á veciñanza a

Melide amplía os servizos dixitais do Concello cunha achega de fondos Leader

A xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo vén de seleccionar os proxectos promovidos por entidades públicas locais que serán beneficiarios dunha achega Leader na convocatoria 2020-2021, e entre os que se atopa a posta en marcha do Portal do Cidadán e da App correspondente no Concello de Melide.

"Con este novo servizo dixital –explicaron dende o GDR–, o Concello ampliará o catálogo de recursos e servizos en liña posto a disposición da cidadanía local e dos visitantes do Concello de Melide, mellorando o acceso e promovendo o uso das novas tecnoloxías no rural".

O investimento total para este proxecto ascende a 18.000 euros; mentres que a achega do Leader será de 10.000 euros aproximadamente.

Cerne
O xornal da Terra de Melide

"A música é algo que une, necesitámola"

Oito agrupacións e tres solistas na XXXI Semana da Música da Terra de Melide, que se celebrará ao longo das dúas últimas fins de semana de novembro

...nós organizámola co ... interese que outros ...empre coa incerteza de ...lmente se fará ou non ... convencemento, des... palpar a opinión dos ..., de que o debemos fa... ...ue o debemos intentar; ...s grupos están dispos... ...odos din que a música ...ode parar –sinalou o ...nte– ademais, hai que ...onta que algúns grupos ... comezaron a ensaiar ...á Semana da Música".

A principal novidade nesta edición tan atípica da Semana da Música será a ausencia das tres corais, de Pozo Pequeno e da charanga.

"Non faltará a música, ou iso esperamos, e tampouco debe faltar a responsabilidade", insistiron dende a organización xa coa vista posta no ano que vén. "Para o ano a intención é seguir como sempre, e se a trixésimo primeira edición deste ano non se puidese facer finalmente, entón pasaríamola ao 2021".

O GDR lanza a campaña *Máis informada, menos vítima* para loitar contra a violencia de xénero

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla - Tambre - Mandeo, do que forman parte os concellos da Comarca da Terra de Melide, puxo en marcha o seu programa contra a violencia de xénero denominado este ano "Máis informada, menos vítima".

Para este programa o GDR contou cunha achega da Secretaría Xeral de Igualdade de 8.500 euros que destinou a tres accións diferenciadas en colaboración cos Centros de Información á Muller (CIM) de Arzúa, Melide, Touro e Vilasantar, e o Centro educativo EFA Piñeiral.

Deste xeito, o centro educativo EFA Piñeiral organizou a acción "Lingua Denuncia", na que participou toda a comunidade educativa, así como a familia dos alumnos e alumnas.

Esta acción consistiu "na busca desas frases que usamos, pero que soan rancias, que están pasadas de moda e que son discriminatorias; esas frases que desde xa teñen que ser pasado, porque as queremos deixar de oír e de dicir", sinalaron dende o GDR. As frases foron recollidas polo alumnado da EFA Piñeiral para posteriormente plasmalas en camisetas.

Pola súa parte, a segunda actuación levouse a cabo en colaboración cos CIM da zona e consistiu no deseño de viñetas explicativas sobre situacións cotiás que se dan nos comezos do círculo da violencia. "Moitas desas condutas veñen enmascaradas ou disimuladas dándolle outros nomes como celos, exceso de preocupación, o 'non podo vivir sen ti nin un minuto'...", e precisamente esas situacións son as que plasmou o GDR en viñetas tipo cómic que se colocarán en sitios estratéxicos en cada concello, como son por exemplo os centros de saúde, os institutos ou os parques.

Finalmente, o GDR quixo achegar os recursos dispoñibles a todas as mulleres rurais colocando en todas as farmacias dos concellos que o integran a información básica sobre teléfonos de axuda e recursos gratuítos dispoñibles.

A este respecto tamén se expoñen os recursos dispoñibles para homes.

GDR lanza a campaña *Máis formada, menos vítima* para ...tar contra a violencia de xénero

...Grupo de Desenvolve... ...to Rural (GDR) Ulla - ...bre - Mandeo, do que ...an parte os concellos da ...arca da Terra de Melide, ...o en marcha o seu pro... ...na contra a violencia de ...ro denominado este ano ...is informada, menos ví... ...".

...ra este programa o GDR ...ou cunha achega da Se... ...aría Xeral de Igualdade ...500 euros que destinou ...s accións diferenciadas ...olaboración cos Centros ...Información á Muller ...M) de Arzúa, Melide, ...ro e Vilasantar, e o Cen... ...ducativo EFA Piñeiral. ...este xeito, o centro edu... ...vo EFA Piñeiral organi... ...a acción "Lingua ...uncia", na que participou ... a comunidade educa... ...así como a familia dos ...nos e alumnas. ...sta acción consistiu "na ...a desas frases que usa... ..., pero que soan rancias, ...están pasadas de moda e ...son discriminatorias; ...frases que desde xa te... ...que ser pasado, porque ...ueremos deixar de oír e ...icir", sinalaron dende o GDR. As frases foron recollidas polo alumnado da EFA Piñeiral para posteriormente plasmalas en camisetas.

Pola súa parte, a segunda actuación levouse a cabo en colaboración cos CIM da zona e consistiu no deseño de viñetas explicativas sobre situacións cotiás que se dan nos comezos do círculo da violencia. "Moitas desas condutas veñen enmascaradas ou disimuladas dándolle outros nomes como celos, exceso de preocupación, o 'non podo vivir sen ti nin un minuto'...", e precisamente esas situacións son as que plasmou o GDR en viñetas tipo cómic que se colocarán en sitios estratéxicos en cada concello, como son por exemplo os centros de saúde, os institutos ou os parques.

Finalmente, o GDR quixo achegar os recursos dispoñibles a todas as mulleres rurais colocando en todas as farmacias dos concellos que o integran a información básica sobre teléfonos de axuda e recursos gratuítos dispoñibles.

A este respecto tamén se expoñen os recursos dispoñibles para homes.

Cerne
O xornal da Terra de Melide

"A resposta da xente está sendo impresionante, estou sorprendida, desbordada e... agradecida non, o seguinte"

Ana Fernández, da casa niño de Santiso, organiza unha recollida solidaria de xoguetes, alimentos non perecedoiros e roupa ata o 20 de decembro

Se ao longo do ano é habitual ter coñecemento de diferentes iniciativas solidarias, máis o é na época de Nadal; e desta vez, pese ás circunstancias, non ía ser menos. É o caso de Axóuxere, a casa niño de Santiso.

Ana Fernández, a súa responsable, iniciou a finais de novembro unha campaña de recollida de xoguetes, alimentos non perecedoiros e roupa co obxectivo de axudar a aquelas persoas de Santiso que peor o están pasando. Co que non contaba Ana era coa repercusión que ía ter a súa iniciativa e a ampla resposta recibida.

"Está sendo unha locura –di Ana– a día de hoxe temos un montón de cousas, de feito xa viñeron do Concello por segunda vez, porque eu non teño

Con motivo do **25N**, o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo encheu de viñetas o rural melidense para concienciar sobre a necesidade da igualdade entre homes e mulleres e a erradicación da violencia de xénero.

proceda a súa distribución.

Volta á normalidade tralo confinamento

Como en moitos outros ámbitos, tamén na casa niño de Santiso sufriron as consecuencias do confinamento e a pandemia. Logo de retomar o curso en setembro, Ana lembra a incerteza dos primeiros días. "Cando volvemos recordo que foi todo moi incerto, sobre todo no relacionado co protocolo, e ademais porque os nenos viñan de pasar a corentena con seus pais e avós e polo tanto moi apegados a súa familia; a verdade é que ao principio foi difícil e tivemos que ir moi pouco a pouco, pero a día de hoxe estamos adaptados á perfección", recoñece.

E nesa adaptación xogaron un papel fundamental as familias, para as que Ana só ten palabras de agradecemento. "Para min é imprescindible que as familias participen, porque eu creo que se as familias e a escola imos da man todo é máis doado e produtivo, e nese sentido teño que poñerlles un dez, non poden axudar máis de verdade, porque apoiáronme en todo e colaboran en todo, ao igual que dende o Concello".

Deixando a recollida solidaria a un lado, a casa niño de Santiso continúa coa súa actividade diaria que inclúe, entre outras accións, un proxecto que están desenvolvendo en colaboración cos nenos e nenas de infantil do colexio de Arcediago.

Na actualidade Ana ten ocupadas as cinco prazas das que dispón a casa niño e conta tamén con lista de espera. O servizo préstase para nenos e nenas de 3 meses a 3 anos e é gratuíto para as familias.

O Concello de Melide promoverá e financiará o proxecto técnico de restauración, conservación e posta en valor do cruceiro de Melide.

Así o deu a coñecer o Museo da Terra de Melide –impulsor da iniciativa e que leva anos reivindicándoa– que se comprometeu xunto co Concello "a realizar xestións e favorecer, na medida das súas posibilidades, que se materialicen do xeito máis respectuoso, transparente e tecnicamente máis solvente".

Para iso, convocouse a catro empresas "especializadas no eido da restauración a nivel galego" ás que xa se facilitou "toda a documentación biblio-

Melide celebraron a nova e consideraron a acción como "necesaria e imprescindible para a salvagarda e dignificación do cruceiro, e tamén que a súa materialización se ha traducir nun recurso de primeira orde en termos culturais, turísticos e mesmo como atractivo para unha maior atracción de visitantes á nosa vila".

Con motivo do **25N**, o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo encheu de viñetas o rural melidense para concienciar sobre a necesidade da igualdade entre homes e mulleres e a erradicación da violencia de xénero.

Contas Anuais

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 10611 - GRUPO DE DESENV. RURAL UTM 23: ULL
Página 1
Fecha listado 18/03/2021
Observaciones
Período De Enero a Diciembre

		2020
2. Variación existencias de productos terminados		-18.681,23
710	VARIA. EXISTENCIAS PROD. CURSO	-18.681,23
5. Otros ingresos de explotación		139.183,57
740	SUBV.,DONA. Y LEGADOS EXPLOTA.	139.183,57
6. Gastos de personal		-79.618,10
640	SUELDOS Y SALARIOS	-59.816,40
642	SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA	-19.080,20
649	OTROS GASTOS SOCIALES	-721,50
7. Otros gastos de explotación		-38.717,08
623	SERVICIOS PROFESIONALES INDEP.	-1.898,18
625	PRIMAS DE SEGUROS	-444,27
626	SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE	-1.085,12
629	OTROS SERVICIOS	-35.289,51
8. Amortización de inmovilizado		-1.595,58
681	AMORTIZACIÓN DEL INMOVILIZADO	-1.595,58
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		**571,58**
15. Gastos financieros		-571,58
662	INTERESES DE DEUDAS	-571,58
B) RESULTADO FINANCIERO		**-571,58**
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS		
D) RESULTADO DEL EJERCICIO		

Contas Anuais

Balance de Situación

Empresa 10611 - GRUPO DE DESENV. RURAL UTM 23: ULL

Página 1

Fecha listado 18/03/2021

Observaciones

Período De Enero a Diciembre

A C T I V O	2020
A) ACTIVO NO CORRIENTE	**9.542,13**
II. Inmovilizado material	8.537,00
VI. Activos por Impuesto diferido	1.005,13
B) ACTIVO CORRIENTE	**14.393,53**
II. Existencias	2.189,24
III. Deudores comerciales y otras cuentas a cob.	12.068,07
3. Otros deudores	12.068,07
VII. Efectivo y otros activos líquidos equival.	136,22
T O T A L A C T I V O	**23.935,66**

Contas Anuais

Balance de Situación

Empresa 10611 - GRUPO DE DESENV. RURAL UTM 23: ULL **Página** 2
Fecha listado 18/03/2021
Observaciones **Período** De Enero a Diciembre

P A S I V O	2020
A) PATRIMONIO NETO	**5.881,09**
A-1) Fondos propios	5.881,09
III. Reservas	5.881,09
2. Otras Reservas	5.881,09
VII. Resultado del ejercicio	
C) PASIVO CORRIENTE	**18.054,57**
III. Deudas a corto plazo	13.816,60
1. Deudas con entidades de credito	13.816,60
V. Acreedores comerc. y otras cuentas a pagar	4.237,97
1. Proveedores	
b) Proveedores a corto plazo	
2. Otros acreedores	4.237,97
T O T A L PATRIMONIO NETO Y PASIVO	**23.935,66**

U T M
GDR
ULLA TAMBRE MANDEO

No rural decides ti. Participa!!